A Cultura é o conxunto de *coñecementos científicos, literarios, artísticos, económicos, etc., dun pobo e/ou dunha época histórica*. Engloba ao conxunto de rasgos distintivos, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos, que caracterizan a unha sociedade ou grupo social nun período determinado. O termo ‘cultura’ inclúe ademais modos de vida, ceremonias, arte, invencións, tecnoloxía, sistemas de valores, dereitos fundamentais do ser humano, tradicións e crenzas. Pola súa parte a mercadotecnia territorial é unha técnica empresarial que *promove o territorio buscando satisfacer as demandas dos cidadáns*, turistas e investidores, producindo vantaxes e beneficios para a sociedade civil local. Identifica produtos territoriais e niños de mercado.

En suma a ECONOMÍA CULTURAL podemos definila como a administración empresarial do conxunto de coñecementos científicos, literarios, artísticos, económicos, etc. dun pobo e/ou dunha época histórica; para o cal utiliza estratexias de mercadotecnia promovendo o territorio e satisfacendo as demandas dos cidadáns, turistas e investidores dun ámbito xeográfico concreto (municipio, comunidade, estado...).

Internet como produto cultural procede orixinalmente dun proxecto de defensa (Arpanet) do Pentágono norteamericano. Foi empregada para a

investigación en universidades e laboratorios, pero a difusión social de Internet correspondeu aos axentes económicos que descubriron na rede de redes grandes posibilidades de facer negocios comerciando coa produción de información e coñecemento. Hoxe temos en Internet ofertas de servicios e información moi diversa; as bibliotecas, museos ou servidores de música, vídeo dixital, bases de datos estratéxicos de orden demográfica, económica..., cartografía diversa, literatura, información xornalística, etc. se conciben como produtos que se venden e compran ofertados por novas empresas. Amais a primeira fonte de financiamento dos websites é a publicidade. A día de hoxe o anuncio máis caro do planeta non está na portada dos grandes xornais nacionais senón ou cadenas de televisión senón no "banner", no anuncio que encabeza o website de Yahoo, o buscador de información en Internet máis visitado. Neste contexto e fronte á proliferación das páxinas web concibidas como negocio, as páxinas culturais solen ser simples instrumentos de difusión de ideas políticas ou empregadas descaradamente como instrumentos que procuran o apoio político ou económico para algunha organización, institución ou persoa concreta. O mercado potencial para a cultura e para o desenvolvemento de escenarios de economía cultural en territorios concretos é moi grande. A cultura pode ser difundida na rede de redes configurando de xeito innovador e netamente creativo enormes posibilidades de negocio. Microsoft – empresa informacional condenada por abuso de posición de dominio no mercado internacional- está a procurar a creación e control dunha moi ampla base de datos e informacións diversas que tenta converter en produtos artísticos e culturais multimedia en formato dixital coa intención de proceder a súa comercialización indiscriminada a través de Internet. Ao

tempo tamén se está xerando a nivel internacional unha moi significativa toma de conciencia de que o acceso á información cultural debe ser gratuíta a través do coñecido movemento de Open Source.

Nembargante non está ao alcance de todos o poder coñecer un museo virtual en tres dimensións, poder acceder aos últimos informes da UNESCO sobre proxectos culturais, acceder á comunicación e interacción obviando os obstáculos xeográficos, ou poder desfrutar da videoconferencia ou da práctica do e-learning ou do comercio electrónico, etc. Segundo a ONU hoxe en día o 20 % máis rico da poboación mundial acapara o 93 % dos accesos a Internet. O 20 % máis pobre apenas ten o 0,2 % das liñas de conexión. Dentro de cada país existen enormes diferencias sobre o acceso á información dixital segundo as diferencias de renda, idade, idioma, formación ou sexo (Kellerman, 2000). Os problemas de acceso refírense, principalmente, aos custes dos equipamentos informáticos, ao nivel de renda e aos custes das telecomunicacións. Compres sinalar que un dos argumentos habituais que tentan explicar a vantaxe que a sociedade norteamericana amosa sobre a europea na era da información dixital é precisamente a existencia dunha tarifa plana moi baixa das chamadas locais, o que se traduce no feito de que o custe de conexión a Internet sexa cáseque inexistente.

**Neste contexto debemos reflexionar sobre o feito de que a** Sociedade da Información, da Internet e das Novas Tecnoloxías permiten a ***revalorización e difusión das culturas locais*** e identidades comunitarias. A música, tradicións, estilos de vida, a cultura popular en xeral, etc. poden chegar a converterse en ***productos dixitais ofertados no mercado global*** a través do comercio electrónico e de Internet. Amais a difusión masiva da

cultura local permite e contribúe enormemente a reforzar a identidade cultural e a *frear a emigración tradicional en territorios periféricos ou de natureza rural. A difusión da cultura local de forma global a escala planetaria a través de Internet pode contribuir a aumentar a calidade de vida das comunidades locais e rexionais afastadas das grandes urbes e espazos máis desenvolvidos e urbanizados do planeta*. Sen dúbida a economía cultural en interacción coas novas tecnoloxías pode chegar a facilitar a comunicación e pode transformar os territorios urbanos e/ou rurais da periferia preservando a súa existencia cultural (Crang, et al. 1999).

#### **4. A experiencia de e E-Inclusión no Concello de Brión.**

No mundo globalizado esta adquirindo gran relevancia a imaxe de conxunto que ofrece unha cidade, municipio, rexión, país ou territorio en xeral, pois das súas características e definición diante dos ollos dos turistas, cidadáns, políticos e investidores dependen as súas capacidades de ofrecer e/ou atraer recursos económicos e servizos tecnolóxicos, financeiros ou culturais. Por estes motivos os estudos de Mercadoctecnia (ou Marketing) Territorial en Galicia deben por en evidencia as características e cualidades máis importantes do Patrimonio Cultural das súas cidades, municipios ou territorios, co fin de atraeren investimentos, promover e desenvolver actividades productivas, aumentar o grao de identidade territorial dos seus veciños ou aumentar a autoestima e a calidade de vida dos seus cidadáns.

Entender o Patrimonio Cultural como un ben económico fai referencia e nos remite a unha visión económica e empresarial do mesmo. É un novidoso enfoque que abandona as tradicións paisaxísticas, sentimentais e corolóxicas na súa parte descritiva para adentrarse nun ilusionante camiño

de vangarda. O Patrimonio Cultural pode ordenarse, rehabilitarse, coidarse pero, moi importante, tamén é unha “mercadoría” informacional que se vende e se compra a través de diversas actividades económicas. Os produtos territoriais son imaxes percibidas polos actores e axentes sociais, e son difundidas a través dos medios de comunicación. O Marketing Territorial abre unha interesante senda profesional para o analistas do Patrimonio Cultural galego que posúan coñecementos de economía e xestión de empresas. Non debemos esquecer, parafraseando a Benko (1994), que coa III Revolución Tecnolóxica e a Sociedade da Información as rexións compiten nunha carreira polo desenvolvemento e progreso económico e social. O Marketing Territorial é unha ferramenta sumamente valiosa para as rexións (territorios) en competición. Debemos considerar que chegou o momento de reverter en beneficios sociais as técnicas de mercado que estratexicamente empregaron as empresas multinacionais para fomentar o consumo masivo e conseguir o enriquecemento individual fronte ó desenvolvemento social e, agora, tratase de aplicala co fin de procurar o enriquecemento social colectivo fronte ó individual.

As Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) poñen en valor o patrimonio, o medio ambiente e a cultura como bens a protexer. Cabe especular que o futuro de Galicia xa non pasa tan só polo desenvolvemento agrario tecnolóxico e industrial-urbano senón que, necesariamente, no seu territorio se deberán definir novos modelos de desenvolvemento económico que impulsen a diversificación productiva, respecten o medio ambiente e logren fixar a poboación incrementando o seu nivel de benestar social. É necesario tomar conciencia de que as cidades industriais xa non ofrecen posibilidades de vida coma no pasado, polo cal o

clásico modelo de desenvolvemento industrial que provocaba a tecnificación das labores do campo e xeraba fluxos migratorios cara as grandes cidades e áreas metropolitanas é pouco viable ó xenerar unha presión demográfica que frecuentemente se traduce nun incremento da marxinação social urbana. A xente nova xa non poderá percibi-la grande cidade como un mundo de oportunidades e estarán condicionados a emprende-lo seu periplo vital en pequenas cidades, vilas, parroquias e pequenos asentamentos rurais. Isto podería chegar a representar unha revitalización da economía galega, especialmente das comarcas do interior, actualmente avellentadas e en proceso de despoboamento. O desenvolvemento local en relación coas TIC e co Patrimonio Cultural abre grandes posibilidades para os máis creativos e emprendedores.

Existe un discurso na literatura que defende que actualmente estamos asistindo ó fin das cidades industriais (“the end of cities”) co postfordismo e a dispersión da produción. As novas tecnoloxías e a telemática convertéronse en axentes de desenvolvemento en territorios periféricos de natureza rural (podería chegar a ser o caso de Galicia), pois permiten ás empresas locais acceder ós mercados globais, permiten atraer empresas que producen información e coñecemento, como empresas de deseño gráfico, xestión de servicios telemáticos, de banca, de ocio-culturais, educativos ou servicios de Internet, de materiais didácticos multimedía, de comercialización de música tradicional en formatos dixitais, de telemarketing, teletraballo, edición, etc. A telemática e a difusión das novas tecnoloxías permiten que os territorios e espazos da periferia (caso galego) poidan ser capaces de supera-las barreiras físicas que impedían o seu desenvolvemento e xeraban o seu illamento. A comunicación instantánea a

través do correo electrónico relativiza as distancias e representa o que se veu en chamar “o fin da xeografía” e unha oportunidade para vencer o illamento e a natureza periférica en determinados espacios apagados na Sociedade da Información. As novas tecnoloxías permiten espallar universalmente os servizos públicos como sanidade, educación ou administración, reforzando o sentimento de comunidade e freando a emigración en espacios periféricos. Coa telemática as comunidades tradicionalmente marxinas pola distancia poden acceder ós mercados do coñecemento e á información sen ter que emigrar.

A Sociedade da Información e as Novas Tecnoloxías da Comunicación e da Información permiten a revalorización e difusión das culturas locais e identidades comunitarias. A música, tradicións, estilos de vida, a cultura popular en xeral, etc. poden chegar a converterse en produtos dixitais ofertados no mercado global a través do comercio electrónico. E isto axuda a reforzar a identidade cultural e a frear a emigración, aumenta a calidade de vida local, facilita a comunicación e transforma os territorios da periferia (podería ser o caso de Galicia) preservando a súa existencia cultural.

Infobrion.com, como proxecto piloto experimental, é un instrumento telemático deseñado como un portal interactivo multimedia que impulsa a creación dunha comunidade virtual no Concello de Brión, un pequeno municipio semi-rural de 6.500 habitantes localizado na periferia da cidade de Santiago de Compostela. InfoBrión.com exerce un papel dinamizador da comunidade dando moita importancia á formación de capital humano local nun entorno de economía cultural. A investigación dos impactos da telemática na comunidade e institucións de Brión ofrecen a posibilidade de



analizar a pequena escala o que podería selo futuro dunha rexión periférica como é Galicia no contexto da Sociedade da Información e do Coñecemento. InfoBrion.com nace no ano 2002 como iniciativa do Grupo de Investigación Socio-Territorial GIS-T IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Concello de Brión, o Centro de Educación Infantil e Primaria de Pedrouzos e o Instituto de Educación Secundaria de Viceso, ambos emprazados no propio Concello de Brión.

Infobrion.com concíbese como unha estratexia de intervención social para vencer a “Fenda Digital”. Pretende impulsar o desenvolvemento social, económico e cultural no Concello de Brión a partir da difusión das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación. Pretende impulsar un ambiente social de economía cultural promovendo a recuperación da memoria histórica e a revalorización da cultura popular no contexto da Sociedade da Información e para isto [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com) impulsa a creación dunha comunidade virtual local, impulsando o uso e difusión das TIC como ferramentas e canles de coñecemento, información e aprendizaxe. Infobrion.com ten por obxectivo principal crear un espacio de comunicación e aprendizaxe que motive e atraiga a atención dos veciños e veciñas do concello, dignificar a cultura local promovendo o a súa posta en valor e desenvolver un sentimento comunitario de orgullo e satisfacción coa cultura popular propia (tradicións, testemuñas orais de eventos históricos, entrevistas ás persoas maiores do concello co fin de transmitir experiencias de vida a través das xeracións, recuperación e transmisión interxeracional de actividades innovadoras e/ou emprendedoras dos propios veciños/as de Brión, recollida da música tradicional en aldeas e parroquias, a elaboración de arquivos dixitais de sons, imaxes, fotografías, videos sobre música,

arquitectura, paisaxe, persoeiros, historia, arte, festas, excursións, deporte popular, xogos tradicionais, actividades didácticas dos escolares de Brión levadas a cabo nos seus centros de ensino, etc.

A posta en funcionamento de [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com) implica o deseño, arquitectura, programación, promoción e dinamización social dun portal web multimedia e interactivo para promover a E-Inclusión e desenvolvemento social e comunitario local a partir da creación dun entorno virtual de comunicación en base aos seguintes programas marco de intervención:

***Brión Folk Project***, un programa de actuación para impulsar o desenvolvemento local nun entorno de Economía Cultural, que promove a investigación da cultura popular e da historia e da xeografía humana de Brión, a partir das aportacións e do traballo da propia comunidade. Consta dun arquivo sonoro e de vídeo e dun arquivo de imaxe, e onde se recolle material fotográfico, gravacións de son, vídeo, etc., acerca de persoas octoxenarias, tradicións, deporte, costumes, hábitos de vida, historia de personaxes célebres, paisaxe humana, paisaxe física, festas, música popular, etc. ([http://www.infobrion.com/publico2/paisaxe\\_vida.php](http://www.infobrion.com/publico2/paisaxe_vida.php)).



*CiberEducación*, que pretende impulsar nos centros de ensinanza primaria e secundaria un entorno virtual que chegue a promover o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), que motive á comunidade escolar, profesores, alumnos e pais e nais de alumnos, a elaborar materiais informacionais para dito entorno virtual <http://www.infobrión.com/publico2/ciberescola.php>, <http://www.infobrión.com/publico2/ciberinstituto.php>.

E en terceiro lugar a *Inmersión na Sociedade da Información* que é un programa complementario concibido como unha estratexia de intervención socio-comunitaria para vencer a Fenda Dixital e conseguir que o Concello de Brión sexa un espazo con visibilidade na Internet, e que todos os seus veciños/as poidan acceder ó emprego das novas tecnoloxías. Ofrece recursos específicos de información sobre o concello relativos a súa

xeoografía humana, como poden ser guías de recursos de todo tipo, culturais, turísticas, das actividades empresariais, etc.



O entorno virtual de InfoBrion.com complétase coa oferta de servicios informacionais á comunidade local e á sociedade en xeral a través da creación dun arquivo virtual e real especializado en cultura popular e recursos didácticos <http://www.infobrion.com/publico2/imaxe.php>, ademais de servicios de axenda, noticias, hemeroteca e buscador de recursos no propio sistema virtual. <http://www.infobrion.com/publico2/noticias.php>

InfoBrion.com comezou a funcionar o 12 de febreiro de 2004. Dende entón foron visitadas un promedio de 31.000 páxinas/mes e foron localizadas conexións procedentes dunhas 3.000 conexións IP distintas (ordenadores) mensualmente, que revelan o interese que está suscitando o

uso das TIC na comunidade local obxecto da experiencia. Parece que no caso de Brión a vinculación entre a Economía local, a Cultura e as Novas Tecnoloxías está comezando a despuntar como unha nídea oportunidade de desenvolvemento social e económico. Impulsa a práctica do comercio electrónico a través da creación dun Mercado Virtual de compra, venda e intercambio de produtos e bens ou servicios en xeral. Promove e ofrece servicios de correo electrónico asociados a [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com) e impulsa a creación dun xornal virtual local administrado pola propia comunidade, etc. (<http://www.infobrion.com/publico2/foros.php>).



Noticias - Microsoft Internet Explorer

Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Atrás Búsqueda Favoritos

Dirección http://www.infobrión.com/publico2/noticias.php

Alexa Search Info 129.091 Universidade de Santiago de Com...

Coa colaboración de

# InfoBrión.com

Consulta o teu mail

Presentación | Brión Folk Project | Cibereducación | Os veciños | Os museos | A praza pública | Noticias | Axenda | Buscador

## Noticias

Un convenio entre a Consellería de Educación e a USC achega as Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación ó Instituto de Viceso

### O Plan de Centro 2004-2005 do IES de Viceso entende prioritario introducir as TIC na comunidade educativa

Profesores, escolares e investigadores da USC elaboran conxuntamente unha plataforma dixital de recursos e unidades didácticas

IES Viceso, GIS-T IDEGA, USC.

*A comunidade educativa de Viceso colabora coa Universidade de Santiago nun gran proxecto de achegamento e emprego das Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Os técnicos e investigadores do grupo de investigación GIS-T IDEGA da Universidade de Santiago destacan o entusiasmo do centro na participación do proxecto e comprométese a manter a colaboración en vindeiros anos.*

O proxecto SINDUR e máis en concreto www.infobrión.com inclúe o desenvolvemento dunha unidade relacionada co ensino, CiberEducación, un programa que pretende impulsar nos centros de ensinanza primaria e secundaria do Concello de Brión un entorno virtual capaz de promover o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación en toda a comunidade escolar.

A coordinación coas dúas institucións de ensinanza estableceuse dende un primeiro momento coa asignación de dous profesores encargados de

## Galería de imaxes

[<] Ant 1 2 3 4 5 Seg [>]



### Presentación de InfoBrión.com no I.E.S de Viceso

Os alumn@s de 4ºA do IES de Viceso aprenderon, na primeira sesión de traballo do Obradoiro de Inform... Ampliar

### Sons

(Espera uns segundos para escoillar a son)

- Interese por subir vídeos e fotografías a InfoBrión.com [0'18"]
- Os rapaces de Viceso consideran moi interesante o curso electrónico [0'15"]

Inicio Cultura popular - Mic... Ciber\_escola\_menion... Noticias - Microsoft In... Novas Tecnoloxías e ... ES 17:21

Cultura popular - Microsoft Internet Explorer

Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Atrás Búsqueda Favoritos

Dirección http://www.infobrión.com/publico2/culturap.php

Alexa Search Info 129.091 Universidade de Santiago de Com...

Coa colaboración de

# InfoBrión.com

Consulta o teu mail

Presentación | Brión Folk Project | Cibereducación | Os veciños | Os museos | A praza pública | Noticias | Axenda | Buscador

## Seccións

- A nosa cultura
- Refraneiro
- Gastronomía
- Artesanía
- Mencía popular

## Cultura popular

A derradeira testemuña dende unha aldea practicamente despoboad

### Victoria Hermo, toda unha vida na aldea de Reboredo Pequeno

Cofrece algúns segredos da gastronomía e da mencía popular galega dende a aldea máis pequena de Brión

GIS-T IDEGA USC

Victoria Hermo Barreiro naceu en Reboredo Pequeno (San Salvador de Bastavales) o 9 de abril de 1930, nunha casa con máis de douscentos anos de antigüidade, cofecida como "Casa da Silva", apelido que herdou do seu avó, a pesares de perderse na xeración de súa nai. Foron catro irmáns, dos cales dous deles tiveron que emigrar a Venezuela para sempre, e pecha-lo negocio familiar, unha fábrica de curtidos situada na parroquia de San Salvador de Bastavales.

Victoria, ós seus 73 anos de idade, recorda cando ía á escola a San Salvador de Bastavales e ás festas de Os Anxeles, Ortoño Monte Carmelo (Calo) e Bastavales, andado por camiños de terra cos zocos, tapándose da choiva como podían (pois non había paraguas) e vivindo

## Galería de imaxes

[<] Ant 1 2 Seg [>]



### Victoria Hermo Barreiro

Victoria Hermo na aldea de Reboredo Pequeno (San Salvador de Bastavales).

### Sons

(Espera uns segundos para escoillar o son)

- Morcillas de sangue [0'37"]
- Mencía popular [0'56"]
- Matanza e mandado [1'24"]
- Gastronomía tradicional [0'46"]
- Festas e feiras [1'38"]
- O traballo no campo [0'47"]

Listo

Inicio Cultura popular - Mic... Cultura popular - Mic... Noticias - Microsoft In... Novas Tecnoloxías e ... ES 17:25

Persoons\_detalle - Microsoft Internet Explorer

Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Atrás Búsqueda Favoritos

Dirección [http://www.infobrión.com/publico2/persoons\\_detalle.php?id=17](http://www.infobrión.com/publico2/persoons_detalle.php?id=17)

Alexa Search Info 129.091 Universidade de Santiago de Com...

**InfoBrión.com** Coa colaboración de

Consulta o teu mail

Presentación | Brión Folk Project | Cibereducación | Os veciños | Os museos | A praza pública | Noticias | Axenda | Buscador

### Concepción Baños García

Data de nacemento: 17/03/1905

Esta octoxenaria do concello de Brión, naceu o dezasete de marzo do ano 1905. Ós seus 99 anos conta para infobrión con agarimo e ilusión os avatares da súa vida e aporta valiosos testemuños de grande interese para os veciños e veciñas de Brión. Entre estes están os contos, refráns, receitas de cocuña, remedios da menciña popular, etc.

Concepción Baños naceu en Brión na casa da Camaña. Este nome ancestral provén dende a xeración dos seus avós e foise transmitindo ó longo dos anos. Foi á escola de nena pero pronto tivo que deixala para axudar nas tarefas do campo e mais no fogar.

Casou con Roxello Castro Rei nado na aldea de Buio que pertence á parroquia de Santa María dos Anxeles do concello de Brión. Tiveron 10 fillos, 27 netos e a pesar de que na actualidade o seu home Roxello non o poida ver, Concepción disfruta tamén dos seus 36 bisnetos e 1 tataraneto, a dicir verdade unha familia moi numerosa.

Conta para infobrión varios refráns e remedios da menciña popular que empregou ó longo da súa vida. Por poñer un exemplo, o que utilizaba para curar os catarros era o sebo de carneiro. Este remedio consistía en derreter o sebo de carneiro e empapar nun pano esa graxa para poñela despois sobre no peito.

Concepción mais o seu marido traballaron toda a súa vida no campo. Roxello ía

### Galería de imaxes

[<] Ant 1 2 3 4 5 6 7 Seg [>]



**Concha Baños García**  
Concha facendo as fillos na cocuña de leña o antroido pasado

### Sons

[Espera uns segundos para escoitar o son]

- De cara ó mercado de Santiago [0'30"]
- A casa da Camaña [0'34"]
- O traballo na terra [0'44"]

### Videos

[Espera uns segundos para ver os vídeos]

Inicio Cultura popular - Mir... Persoons\_detalle - Mic... Noticias - Microsoft In... Novas Tecnoloxías e ... ES 17:27

Festas e tradicións - Microsoft Internet Explorer

Archivo Edición Ver Favoritos Herramientas Ayuda

Atrás Búsqueda Favoritos

Dirección [http://www.infobrión.com/publico2/Festas\\_e\\_tradi.php?id=457](http://www.infobrión.com/publico2/Festas_e_tradi.php?id=457)

Alexa Search Info 129.091 Universidade de Santiago de Com...

**InfoBrión.com** Coa colaboración de

Consulta o teu mail

Presentación | Brión Folk Project | Cibereducación | Os veciños | Os museos | A praza pública | Noticias | Axenda | Buscador

### Festas e tradicións

A XXII Festa do Cabalo de Brión en versión dixital!

**Infobrión.com presenta os vídeos da XXII Festa do Cabalo para usarlos con conexión a Internet de alta velocidade**

Tradición hípica de forte reigame popular

GIS-T IDEGA, USC e Carlos Pintor

Infobrión.com presenta unha selección de vídeos da XXII Festa do Cabalo cunha maior resolución gráfica, para que tódolos usuarios que acceden a Internet mediante liñas de alta velocidade ADSL poidan dispor dunha mellor calidade de imaxe nas súas pantallas.

A FESTA DO CABALO: Unha das maiores concentracións equestres de Galicia, onde o numeroso público asistente puido disfrutar de actividades tan diversas coma os torneos hípicos ou a monta de cabalos bravos; competicións nas que puideron participar tódolos interesados que se atopaban no lugar.

Nesta reportaxe poderedes obter información sobre esta tradicional festa de exaltación equestre. Infobrión presenta, en exclusiva a través de Internet, imaxes, sons e vídeos das diferentes actividades organizadas (carreiras, saltos, monta de cabalos bravos, etc).

### Galería de imaxes



**Torneo hípico**  
Campeonato onde os participantes puideron demostrar os seus coñecementos montando cabalos de diferen... Ampliar

### Sons

[Espera uns segundos para escoitar o son]

- Non hai

### Videos

[Espera uns segundos para ver os vídeos]

- Rodeo e vaquillas [1'29"]

Listo

Inicio Festas e tradicións - ... Persoons\_detalle - Mic... Noticias - Microsoft In... Novas Tecnoloxías e ... ES 17:29





## **Bibliografía**

BEAVERSTOCK, J.V; SMITH, R.G.; TAYLOR, P.J.: “World City Network: a New Metageography?”. En: *Annals of the Association American Geographers*, v. 90.1. Oxford: Blackwell Publishers Inc., 2000. P. 123-134.

BENCO, G.: “Estrategias de comunicación y marketing urbano”. *Eure (Chile)* [en línea]. Dic. 2000, vol. 26, nº 79, p. 67-76. Disponible en la World Wide Web: <[http://www.scielo.cl/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S0250-7161200007900004&lng=es&nrm=iso&tlng=es](http://www.scielo.cl/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0250-7161200007900004&lng=es&nrm=iso&tlng=es)>

BONET AGUSTÍ, LLUÍS, *Economía y cultura: Una reflexión en clave latinoamericana*, Investigación realizada para la Oficina para Europa del Banco Interamericano de Desarrollo, Enero 2001.

BONET AGUSTÍ, LLUÍS, , *Opciones de política cultural e instrumentos de análisis económico*, Universidad de Barcelona, 2000.

CAIRNCROSS, F.: *The Death of Distance 2.0*. Londres: Texere, 2001.

CARNOY, Martin: *El trabajo flexible en la Era de la Información*. Madrid: Alianza Editorial, 2001.

CASTELLS, Manuel: *La Era de la Información*. Tomo I y II. Madrid: Alianza, 2000.

CASTELLS, Manuel: “Iniciativa empresarial e integración social”. *La Factoría* [en línea]. 2002, nº 17. Disponible en la World Wide Web: <<http://www.lafactoriaweb.com/default-2.htm>>

DODGE, Martin; KITCHIN, Rob: *Mapping Cyberspace*. Londres: Routledge, 2000.

European Commission: *The Information Society*. Luxemburgo: Office for Publications of the European Commission, 1996.

EVENO, Emmanuel : “Pour une géographie de la société d'information”. *Netcom* [en línea]. 1997, v.11. p. 435-457. Disponible en la World Wide Web : <[http://alor.univ-montp3.fr/netcom\\_labs/volumes/articlesV11/V11P431.html](http://alor.univ-montp3.fr/netcom_labs/volumes/articlesV11/V11P431.html)>

GÉS, Marcel: “La cultura telemática y el territorio”. *La Factoría* [en línea]. 1997, nº 2. Disponible en la World Wide Web: <<http://www.lafactoriaweb.com/default-2.htm>>

FERRÁS SEXTO, Carlos (coord.): *Internet e Educación*. Santiago de Compostela: IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela, 2004.

FERRÁS SEXTO, Carlos. “Globalización, sociedad de la información y desarrollo socio-territorial. Apuntes para una reflexión crítica”. En: *Territorio, Globalização e Trajectórias de Desenvolvimento*. Coimbra: Centro de Estudos Geográficos, Universidade de Coimbra, 2002. p. 23-44.

FERRÁS SEXTO, Carlos (et al.). “Metodología de intervención para vencer la Brecha Digital. La experiencia de [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com).” *Scripta Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*. [en línea]. Vol. VI, núm. 170. 1 de agosto de 2004. Disponible en Internet: <http://www.ub.es/geocrit/sn/sn-170-72.htm>

FERRÁS SEXTO, Carlos (et al.). “Novas tecnoloxías e desenvolvemento rural. Unha experiencia no concello de Brión (Galicia)”. Ponencia presentada no *II Congreso Internacional de Investigación e Desenvolvemento Socio-cultural*. Paredes de Coura, 28-30 de outubro de 2004. (Pendente de publicar).

FERRÁS SEXTO, Carlos (et al.). “El territorio como mercancía. Fundamentos teóricos y metodológicos el marketing territorial”. *Revista de Desenvolvemento Económico*. 2001, nº 5, p. 67-78.

FERRÁS SEXTO, Carlos. Ciudad dispersa, aldea virtual y revolución tecnológica. *Scripta Nova* (en línea). 2000, nº 68. Disponible en la World Wide Web: <http://www.ub.es/geocrit/sn-69-68.htm>

FERRÁS SEXTO, Carlos. La ciudad dispersa y las aldeas virtuales. Los estudios geográficos y el retorno a la cultura. En *AGE: El territorio y su imagen*, V. II, Malaga, 1999.

GRAHAM, Stephen: “Global grids of glass. On global cities, telecommunications and planetary urban networks”. En: *Urban Studies*. 1999, vol. 36, p. 929-949.

HERVÉ, Michel: “La sociedad red y la participación activa”. *La Factoría* [en línea]. 2002, nº17. Disponible en la World Wide Web: <http://www.lafactoriaweb.com/default-2.htm>

KELLERMAN, Aharon: “It's not only what you inform-it's also where you do it; The location of production, consumption and contents of web information”. *Taub Urban Reserch Centre* [en línea]. Universidad de Nueva York, 2000. Disponible

en la World Wide Web: <<http://www.informationcity.org/research/kellermaninform/location-web-info.pdf>>

KITCHIN, Robert M.: "Towards geographies of cyberspace". *Progress in Human Geography*. 1998, Vol. 22, nº 3. p. 385-406.

KITCHIN, Robert M.; NEALE J.: "Science fictions or future fact ¿Exploring imaginative geographies of the new millennium?". *Progress in Human Geography*. 2001, vol. 25, nº 1. p. 19-35.

LAWRENCE, S.; GILES, C.L.: "Accessibility of information on the web". *Nature*. 1999, vol. 400. p. 107-109.

MÉNDEZ, Ricardo: "Innovación y desarrollo territorial. Algunos debates teóricos recientes". *Eure*. 2002, vol. 28, nº 84. p. 63-83.

MOSS, M.L.; TOWNSEND, A.M.: "How telecommunications system are transforming urban spaces". En: WHEELER, James; AOYAMA, Yuko; WARF, Barney (eds): *Cities in the telecommunications Age: The Fracturing of Geographies*. Nueva York: Routledge, 2000.

RAY, CH., TALBOT, H. (1999): "Rural telematics. The Information Society and rural development". En CRANG, M., CRANG, PH., MAY, J.: *Virtual Geographies bodies, space and relations*. Londres: Routledge, pp. 149-163. 1999.

RETEVISIÓN: *e-España 2003. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Retevisión auna, 2003.

SASSEN, S.: *Cities in a World Economy*. Londres: Pine Forge, 1994.

SEGUÍ PONS, J.M.: "Las redes de información como alternativa al aislamiento regional. Las Islas Baleares". Comunicación presentada a la XXI Reunión de Estudios Regionales. Factores de desarrollo endógeno en regiones periféricas. Ponencia II C : Parques tecnológicos, entorno territorial y política regional. Vigo 15-17 Noviembre de 1995.

SEGUÍ PONS, J.M.: "The Information Society and the creation of a new virtual space. The scientific Ring of Catalonia (Spain)". En: *28 the International Geographical Congress (IGU)*, (The Hague, August 5-10, 1996), Commission on Communication Networks and Telecommunications, 199?.

SERRA, Artur: “Tres claves para entender el fenómeno Internet”. *La Factoría*. [en línea]. 1999, nº 8. Disponible en la World Wide Web: <<http://www.lafactoriaweb.com/default-2.htm>>

SHALLIS, M.: *El ídolo del silicio. La revolución de la informática y sus implicaciones sociales*. Barcelona: Salvat, 1986.

TELEFÓNICA: *La Sociedad de la Información en España. Presente y perspectivas*. Madrid: Telefónica, 2000.

TERCEIRO, J.B.: *La Sociedad Digital. Del homo sapiens al homo digitales*. Madrid: Alianza Editorial, 1996.

TOWNSEND, Anthony M.: “The Internet and the Rise of the New Network Cities, 1969-1999”. *Environment and planning B: Planning and Design*. 2001, vol. 28. p. 39-58. Disponible en la World Wide Web: <<http://www.informationcity.org/research/new-network-cities/townsend-epb-networkcities.pdf>>

VELTZ, P.: *Mundialización, ciudades y territorios. La economía archipiélago*. Barcelona: Ariel, 1999.

ZOOK, Matthew: “Old hierarchies or new works of centrality? Understanding the global geography of the internet content market”. En: *Conference on Cities in the Global Information Society*. (Newcastle, 1999).

**INTERNET EN GALICIA E A INDUSTRIA  
CULTURAL: O MODELO DE  
CULTURAGALEGA.ORG**

**Manuel Gago**

Director de [culturagalega.org](http://culturagalega.org)



Culturagalega.org é o portal de divulgación do Consello da Cultura Galega en Internet. Imbricado nas industrias culturais do país, a súa estratexia é potenciar a visibilidade e a distribución da cultura do país a través de diferentes estratexias comunicativas. Este relatorio profundiza nos principais eixes estratéxicos de desenvolvemento deste produto cultural para a rede.

### **Antecedentes e concepto**

A mediados dos noventa comezou a xurdir o concepto ‘Sociedade da Información’ como un xeito explicar unha nova relación económica e social na que a información se convertía no principal valor de cambio entre xentes, empresas e territorios do mundo occidental. Na nova noción –da que Manuel Castells foi un dos principais formuladores teóricos- determinados elementos ata o momento non decisivos na configuración do imaxinario global gañaron unha nova presenza (Castells: 2000). Deste xeito, lingua, medios de comunicación, produción de contidos de entretemento e comunicación horizontal entre axentes non vinculados directamente entre si comezaron a cobrar unha nova relevancia.

Dous procesos camiñaron en parello co novo modelo social: a *globalización* –o fenómeno económico que significou o paso dende o industrialismo multinacional ata a economía transnacional, cunha regulación por riba de estados e aparellos de control estatal; o segundo foi a aparición das novas tecnoloxías da comunicación –nomeadamente Internet- que acompañaron a este proceso, baseadas na interacción instantánea, no abaratamento de custes e no transporte flexible de datos.

A multiplicación da produción e distribución da industria do entretemento, tamén a mediados da década pasada, foi un factor decisivo no proceso de globalización. Aínda que as industrias culturais son un sector en continuo crecemento dende o século XIX, nas últimas décadas os grupos de comunicación concentraron esforzos na concentración vertical e horizontal de produtos, reunindo moitos dos procesos de creación, comercialización e distribución dos bens culturais e, ao mesmo tempo, producindo versións destes bens para diferentes soportes –cine, edición, Internet, televisión, música, merchandising, etc.- dun xeito integrado (WAN: 2004).

A produción, articulada a través de potentes economías de escala e custes moi reducidos de distribución, beneficiouse da creación dun imaxinario colectivo global cada vez máis crecente e, ao mesmo tempo, tivo en conta o que os directivos de Microsoft chamaron “localización”, é dicir, a adaptación –prevista de xeito lóxico dentro do esquema de produción- dun produto global a un contorno cultural determinado: “Este problema nunca ha sido tan importante como en esta época de redes y computación distribuída”<sup>27</sup>.

Esta aceleración da converxencia tecnolóxica e industrial do imaxinario vive tamén unha auténtica efervescencia dentro da creación da cultura social, a cultura non de mercado, e a xeración de novas identidades, movementos sociais e esquemas de produción sen liderados estábeis, centros físicos ou estruturas institucionalizadas está a provocar interesantes cambios sociais. Detrás deles está a amplificación das habilidades e talentos

---

<sup>27</sup> Información para programadores distribuída dende o sitio de Microsoft: “<http://msdn.microsoft.com/library/spa/default.asp?url=/library/SPA/vsent7/html/vxconlocalization.asp>”



do ser humano para a cooperación fornecida polas novas tecnoloxías (Rheingold: 2002) e tamén o incremento demográfico de internautas e, especialmente, a extensión da alfabetización electrónica (Varis: 1998) que está a permitir un emprego intensivo das posibilidades tecnolóxicas por sectores sociais moi dinámicos.

Neste contexto, comunidades conceptualmente definidas como “periferia” con respecto aos grandes centros de decisión económica, política e cultural viron atopadas novas oportunidades. O carácter descentralizado da web permite, *a priori*, acadar visibilidade para a produción cultural que non entra nos canais dos grandes grupos de distribución, acadar novos mercados exteriores ou incentivar o mercado interior, especialmente cando este é moi feble ou, coma no caso galego, os produtos en galego teñen que competir con aqueles en castelán que gozan dun escenario económico e mediático moito máis favorábel. Tradicionalmente, o concepto de identidade cultural estaba mediado por tres grandes elementos: unha lingua de seu, un imaxinario e unha relación co contorno determinado e por uns límites xeográficos. Na Sociedade da Información o espazo físico perde relevancia e factores como a lingua e o imaxinario cobran unha dimensión nova.

### **O Consello da Cultura Galega na rede**

En 1998, o Consello da Cultura Galega (CCG) comezou as súas actividades en Internet, desenvolvendo un sitio web oficial de tipo presencial. Este primeiro sitio, eminentemente descritivo, trasladaba a estrutura e actividades do CCG á rede e abría unha nova posibilidade de contacto a nivel presencial. Os membros do CCG xa manifestaran ao longo de diferentes momentos da década dos noventa, en varios documentos da

institución e discursos oficiais, a necesidade de emprego da rede como unha canle de difusión cultural decisiva para o futuro da identidade e a cultura do país (Rivas, M., López, X.: 1993; López, X. et al: 1998). Ao longo de 1998 e 1999 puxéronse en marcha diferentes programas de intervención na web con finalidade máis ou menos experimental: no ano 1999, en virtude dun acordo coa Compañía de Radio Televisión de Galicia, comezaron a facerse retransmisións en directo dos congresos celebrados na institución<sup>28</sup>; tamén neste ano, o CCG puxo en marcha, en colaboración coa Fundación Castelao e a empresa Item:)aga o Museo Castelao, un espazo virtual destinado á difusión da vida e obra do polígrafo Daniel Alfonso Castelao.

Con esta experiencias e outros elementos foise configurando o protocolo de actuación do CCG na rede: o Sistema Cultural en Rede, que se define por dous principios de actuación que definen as actividades da institución en Internet: *o primeiro é que os cidadáns, independentemente do lugar onde residen, deben poder acceder ao máximo posíbel de contidos e servizos que ofrece a entidade*. O segundo dos principios é a definición das accións de desenvolvemento web que realizaría o CCG no futuro: os proxectos en Internet da entidade estarían orientados cara a *divulgación, a investigación e a información corporativa*.

Os principios comezaron a aplicarse relativamente rápido. Un dos campos máis destacados tivo que ver coa política editorial da institución, a través da edición electrónica dos textos que tradicionalmente o CCG edita dentro das súas coleccións de referencia en formato impreso. Tras algunhas experiencias iniciais no ano 1999 con respecto á edición dixital de libros, a

---

<sup>28</sup> A retransmisión inaugural levouse a cabo cunha conferencia do recoñecido comunicólogo francés Armand Mattelart.

partir do ano 2.000 o sitio web corporativo e oficial do CCG, consellodacultura.org, comezou a edición simultánea en papel e Internet converterase nunha constante da institución. Os beneficios corporativos foron obvios: a edición impresa dos libros da institución oscila nos 500 exemplares, empregando as canles de distribución convencional do libro en Galicia. A distribución dixital permite rachar coas eivas tradicionais da distribución do libro galego e eleva o número de copias distribuídas a varios miles por exemplar.

### **O proxecto culturagalega.org**

No ano 2.000, o Consello da Cultura Galega, baixo a presidencia de Carlos Casares, decide estender o seu campo de actuación en Internet cara a divulgación. O modelo de medio de comunicación foi definido moi coidadosamente, conciliando as dinámicas de produción da institución, a estabilidade do produto e os obxectivos sociais como institución pública. .

Neste sentido, o Consello foi visto como unha ‘factoría multimedia de contidos’, susceptible de xerar información a través dunha intensa produción impresa, sonora e de coñecemento investigador e, ao mesmo tempo, como punto de encontro de gran cantidade de axentes culturais a través de xornadas e encontros. O novo produto debería, polo tanto, ter capacidade de absorber e adaptar información multimedia, procedente de fontes diversas, nun único contedor. Ao mesmo tempo, a cultura ‘exterior’ á propia institución cobrara relevancia fundamental: o novo produto debía ser un espazo referencial –naquel momento inexistente- para a cultura do país. Este produto debería contar cun equipo estábel de produción formado por especialistas formados no tratamento e elaboración da información –

xornalistas- e debería estar dirixido a un espectro de público amplo e ao mesmo tempo especializado.

Este é un factor importante a ter en conta. O público obxectivo de culturagalega.org foi definido a partir da conciliación de datos da realidade lingüística de Galicia, onde se consignaba unha perda de falantes habituais entre as novas xeracións que habitaban no contorno vilego e urbano e que parecía superpoñerse case exactamente cos datos que se obtiñan sobre a penetración de Internet na nosa sociedade. Exactamente: público urbano, de entre 18 e 35 anos, con estudos universitarios e de clase media e media-alta<sup>29</sup>, en particular a partir dos datos tirados do Estudo Xeral de Medios. Esta importante franxa social rexistraba un profundo retroceso no número de falantes que, nun círculo sen saída, carecían dun espazo en Internet que achegara información en profundidade sobre a produción cultural. Esta importante franxa de poboación, clave para o mantemento e expansión futura da lingua nas vindeiras décadas foi detectada como parte importante do público obxectivo do novo medio.

Á hora de focalizar o produto informativo en relación a este público empregáronse dúas técnicas diferentes: a aproximación a modos de consumo de cultura habituais nas franxas de público e a especialización no entretemento. Deste xeito, dende o primeiro momento, culturagalega.org foi pensado como un distribuidor multimedia que conxugara de forma coordinada contido textual, pero tamén imaxes, formatos audiovisuais e sonoros. Tratábase de situar nun único punto de acceso na rede unha gran variedade de produción cultural susceptible de permitir a futura

---

<sup>29</sup> Asociación para la Investigación en Medios de Comunicación: diferentes vagas entre o ano 1998 e o ano 2000. Consultar en [www.aimc.es](http://www.aimc.es)

especialización do público por intereses. Ao mesmo tempo, existía a convicción interna de que debía facerse un esforzo especial na distribución de produtos audiovisuais, próximos aos hábitos de consumo do usuario e susceptibles de xenerar un impacto máis atractivo sobre o usuario.

A segunda técnica tivo que ver co posicionamento do medio no seu contorno: culturagalega.org foi pensado como un medio de segunda lectura, un espazo non competitivo cos medios de comunicación en liña senón redistribuidor de tráfico. Neste posicionamento, o concepto *entretemento* foi fundamental dende o principio. O entretemento na modernidade occidental está moi vinculado ao consumo cultural. Música, cine e televisión, literatura e outras prácticas convértense nos principais medios de reprodución, que son consumidos como factor de lecer durante os curtos períodos de inactividade laboral. Deste xeito, dende o primeiro momento, dende o CCG semellou clave que boa parte da supervivencia e extensión da cultura galega no futuro inmediato pasaba por facer visíbel a industria cultural galega a través de novos mecanismos de penetración que superaran as tradicionais barreiras de distribución. Deste xeito, a ubicación de culturagalega.org debía estar entre os servizos de información e o consumo en tempo de lecer. As estatísticas inmediatas durante os vindeiros dous anos fortaleceron esa visión: culturagalega.org como medio de comunicación ‘vespertino’, ao que se accede dende casa, e en momentos de repouso.

Neste proceso como medio de información ‘secundaria’ ou complementario a configuración dunha axenda informativa propia parece importante. A cultura ocupa lugares mínimos dentro dos medios de comunicación galegos e, en moitos deles, nin conta cunha sección específica. Neste sentido, pensouse na produción de información para

*Estudio General de Medios. Resumen General, Octubre de 2002 a Mayo de 2003* [en línea]. 2003 [ref. de 22 de enero de 2004]. Disponible en Web: <http://www.aimc.es/aimc.php>.
- ASOCIACIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN.  
*Estudio General de Medios. Resumen General, Febrero de 2003 a Noviembre de*

- 2003 [en línea]. 2003 [ref. de 22 de enero de 2004]. Disponible en Web: <http://www.aimc.es/aimc.php>.
- ASOCIACIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN. *Estudio General de Medios. Resumen General, Abril de 2003 a Marzo de 2004* [en línea]. 2004 [ref. de 16 de junio de 2004]. Disponible en Web: <http://www.aimc.es/aimc.php>.
- ASOCIACIÓN PARA LA INVESTIGACIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN. *Estudio General de Medios. Resumen General, Octubre de 2003 a Mayo de 2004* [en línea]. 2004 [ref. de 16 de junio de 2004]. Disponible en Web: <http://www.aimc.es/aimc.php>.
- COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDIO PARA EL DESARROLLO DE LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN EN ESPAÑA. *Aprovechar la Oportunidad de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Ministerio de Ciencia y Tecnología, 2003.
- COMISIÓN EUROPEA. *SIBIS. Statistical Indicators Benchmarking the Information Society*. [en línea]. Comisión Europea, 2003. [ref. de 14 de abril de 2003]. Disponible en Internet: <http://www.sibis-eu.org/>.
- COMISIÓN EUROPEA: POLÍTICA REGIONAL. *The Urban Audit*. Vol. I, II. [en línea]. Luxembourg: European Communities, 2000 [ref. de 14 de noviembre 2002]. Disponible en Web: <http://europa.eu.int/comm/regionalpolicy/urban2/urban/audit/src/publics.htm>.
- COMISIÓN EUROPEA. *Plan de Acción eEurope: Una Sociedad de la Información para todos*. Lisboa: Comisión Europea, 2000.
- COMISIÓN EUROPEA. *Plan de Acción eEurope 2002: Una Sociedad de la Información para todos*. Bruselas: Consejo Europeo; Comisión Europea, 2000.
- COMISIÓN EUROPEA. *Plan de Acción eEurope 2005: Una Sociedad de la Información para todos*. Bruselas: Comisión Europea, 2002.
- COMISIÓN EUROPEA. *Puesta al día sobre eEurope 2002*. Bruselas: Comisión Europea, 2000.
- COMISIÓN EUROPEA. *eEurope 2002. Informe de evaluación comparativa de la acción eEurope*. Bruselas: Comisión Europea, 2002.
- COMISIÓN INTERMINISTERIAL DE LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN Y DE LAS NUEVAS TECNOLOGÍAS. *INFO XXI, La Sociedad de la Inform@ción para todos. Iniciativa del Gobierno para el Desarrollo de la Sociedad de la Información*. Madrid: Ministerio de Ciencia y Tecnología, 2000.
- DEPARTMENT OF ENTERPRISE, TRADE AND EMPLOYMENT, OFFICE OF SCIENCE & TECHNOLOGY. *Information Society Technologies Programme. Fifth European Union Framework Programme of Research, Technological Development and Demonstration, 1998-2002*. Dublín: Office of Science & Technology, 1998.



- DOONEY, Sean; O'TOOLE, John. *Irish Government today*. 2ª ed. Dublín: Gill & Macmillan, 1998.
- FERRÁS SEXTO, Carlos; ARMAS QUINTÁ, Francisco; GARCÍA VÁZQUEZ, Yolanda; MACÍA ARCE, Carlos. "Metodología de intervención para vencer la brecha digital. La experiencia de [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com)" En: Actas VI Coloquio Internacional Geocrítica: El impacto social y espacial de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación, *Scripta Nova* [en línea]. 2004, vol. VII. Disponible en Internet: <http://www.ub.es/geocrit/menu.htm>
- FUNDACIÓN RETEVISIÓN AUNA. *eEspaña 2001. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Retevisión, 2001.
- FUNDACIÓN AUNA. *eEspaña 2002. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Auna, 2002.
- FUNDACIÓN AUNA. *eEspaña 2003. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Auna, 2003.
- FUNDACIÓN AUNA. *eEspaña 2004. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Fundación Auna, 2004.
- INFORMATION SOCIETY COMMISSION. *Building the Knowledge Society*. Dublín: Department of the Taoiseach, 2002.
- INFORMATION SOCIETY COMMISSION. *Information Society Ireland. Third Report of Ireland's Information Society Commission*. Dublín: Government of Ireland, 2000.
- INFORMATION SOCIETY COMMISSION. *Information Society Ireland. Second Report of Ireland's Information Society Commission*. Dublín: Government of Ireland, 1999.
- INFORMATION SOCIETY COMMISSION. *Building a Capacity for Change: Lifelong Learning in the Information Society*. Dublín: Government of Ireland, 1999.
- INFORMATION SOCIETY COMMISSION. *Information Society Ireland. First Report of Ireland's Information Society Commission*. Dublín: Government of Ireland, 1998.
- INFORMATION SOCIETY STEERING COMMITTEE. *Information Society Ireland. Strategy for Action*. Dublín: Forfás, 1996.
- INFORMATION SOCIETY POLICY UNIT. *New Connections. A Strategy to realise the potential of the Information Society. Government Action Plan*. Dublín: Department of the Taoiseach, 2002.
- INFORMATION SOCIETY POLICY UNIT. *Implementing the Information Society in Ireland: An Action Plan*. Dublín: Department of the Taoiseach, 1999.
- IRISH GOVERNMENT. *Ireland: Information on the Irish State*. [en línea], [ref. de 3 de junio de 2004]. Disponible en Internet: <http://www.irlgov.ie>.
- IRISH GOVERNMENT. *State Sponsored Body*. [en línea], [ref. de 3 de junio de 2004]. Disponible en Internet: <http://www.irlgov.ie/organisations/list.asp?type=9&D=State+Sponsored+Body>

- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares. Datos 2002*. [en línea]. [ref. de 14 de abril de 2003]. Disponible en Web: <http://www.ine.es/inebase/cgi/um?L=&N=&O=pcaxis&M=%2Ft25%2Fp450%2Fa2002>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares. Datos 2003*. [en línea]. [ref. de 10 de febrero de 2004]. Disponible en Web: <http://www.ine.es/inebase/cgi/um?L=&N=&O=pcaxis&M=%2Ft25%2Fp450%2Fa2003>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares. Datos 2004*. [en línea]. [ref. de 5 de abril de 2005]. Disponible en Web: <http://www.ine.es/inebase/cgi/um?L=&N=&O=pcaxis&M=%2Ft25%2Fp450%2Fa2004>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Contabilidad Regional de España base 1995. Serie 1995-2003*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística, 2004.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA. *Enquisa das condicións de vida das familias. Ano 2003*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística, 2004.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA. *Indicadores Demográficos 2002*. [en línea]. 2004 [ref. de 12 de Septiembre de 2005]. Disponible en Web: [http://www.ige.xunta.es/ga/demograficas/ind\\_dem/index2002.htm](http://www.ige.xunta.es/ga/demograficas/ind_dem/index2002.htm).
- MIDLAND REGIONAL AUTHORITY. *Making IT the Midlands*. Offaly: Computer Application Information Technology, 2002.
- MINISTERIO DE CIENCIA Y TECNOLOGÍA. *España.es. Programa de Actuaciones para el Desarrollo de la Sociedad de la Información en España*. Madrid: Ministerio de Ciencia y Tecnología, 2003.
- SOUTH WEST REGIONAL AUTHORITY. *Making a STAND for people. Shaping the Information Society in Cork and Kerry. Options for the future*. Ballincollig: South West Regional Authority, Telecom Centre, 1998.
- XUNTA DE GALICIA. TELEFÓNICA. *Libro Branco da Sociedade da Información de Galicia*. [en línea]. 2001 [ref. de 26 de mayo 2003]. Disponible en web: <http://www.xunta.es/conselle/cultura/libroblanco/>.

# **NOVOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL A PARTIR DA IMPLANTACIÓN DAS TIC**

**Francisco Xosé Armas Quintá**

Grupo de investigación Socio-Territorial. GIS-T IDEGA.

Universidade de Santiago de Compostela



## **1. Introducción.**

Esta comunicación é froito dunha das investigacións que se están levando a cabo dentro seo do Grupo de Investigación Socio-Territorial (GIS-T IDEGA) da Universidade de Santiago, dirixido polo Dr. Carlos Ferrás Sexto. Durante a celebración das II Xornadas SINDUR “Novas Tecnoloxías e Economía Cultural”, que tiveron lugar en Santiago de Compostela e Brión do 15 ó 17 de decembro de 2004, foron presentados os avances dunha delas que ten por obxectivo estudar os posibles procesos de desenvolvemento a partir das TIC e a emigración de retorno nos espazos rurais. Nesta breve comunicación, tentarei expoñer os obxectivos perseguidos, así como algunhas experiencias europeas que conseguiron boa parte dos seus obxectivos de cara o desenvolvemento socioeconómico de espazos periféricos mediante a implantación das TIC, freando a emigración, e mesmo a potenciación dos movementos de retorno de poboación moza altamente cualificada e emprendedora.

É importante destacar que nesta comunicación, só se presentan algúns dos avances da investigación que se está a levar a cabo, por tanto non é unha exposición de resultados. A temática deste estudio abarca a revolución das tecnoloxías da información e comunicación de cara a inmersión na sociedade da información, así como os movementos de retorno, todo elo co propósito de impulsar o desenvolvemento dos espazos rurais. Levei a cabo un rastreo exhaustivo coa finalidade de atopar estudos similares ó que estou a realizar. A revisión bibliográfica, fíxose por un lado nos fondos da Universidade de Santiago de Compostela (<http://busc.usc.es>), e na Rede de Bibliotecas Universitarias REBIUN (<http://rebiun.crue.org>) empregando “palabras chave” relacionadas tanto coas novas tecnoloxías e

sociedade da información, como coa emigración de retorno e desenvolvemento rural. Esta busca repetiuse coas palabras chave seleccionadas en tres idiomas distintos; galego, castelán e inglés.

Por outro lado, e para rematar coa busca de referencias bibliográficas relacionadas coa emigración de retorno, novas tecnoloxías e desenvolvemento rural, fixéen un rastreo por Internet empregando o motor de busca GOOGLE. Decidín seleccionar este buscador por ser un dos máis empregados en Internet, e ter unha gran rapidez e capacidade de busca, tendo indexadas máis de oito millóns de direccións URLs. A metodoloxía a seguir, foi a mesma que no caso dos fondos bibliográficos da Universidade de Santiago e a rede de bibliotecas universitarias REBIUN, empregando as mesmas palabras clave. Neste caso, para precisar máis a busca, limitei os resultados do rastreo a extensións de arquivos PDF<sup>49</sup> DOC<sup>50</sup> e RTF<sup>51</sup>. Deste xeito, o buscador só mostra arquivos con títulos relacionados coas palabras clave da busca, evitando todos aqueles sitios web que aparecerían só por conter nalgunha parte da páxina, o termo que se introduciu na busca. De tódolos resultados mostrados polo buscador, foron revisadas para as distintas combinacións de termos, as trescentas primeiras entradas, sempre e cando o buscador fose capaz de mostralas.

Do rastreo bibliográfico, tanto nos fondos da Universidade de Santiago, nos da Rede de Bibliotecas Universitarias, como en Internet non

---

<sup>49</sup> Os arquivos con extensión PDF correspóndese cun formato de Adobe Systems empregado para intercambiar documentos electrónicos de forma segura e fiable. Este tipo de documentos son compatibles con calquera plataforma de software.

<sup>50</sup> Os arquivos con extensión DOC son os resultantes do procesador de textos máis universal, o Microsoft Word.

<sup>51</sup> Os arquivos con extensión RTF (Rich Text Format) e outro dos formatos xerados polo procesador de textos Microsoft Word.

foi atopado ningún estudio que relacionase as tecnoloxías da información e comunicación e os movementos de retorno como posibles motores de desenvolvemento socioeconómico dos espazos rurais. Resulta por tanto unha investigación innovadora, tanto dende o punto de vista temático como metodolóxico, e sen lugar a dúbidas con numerosas dificultades e escollos por salvar. É necesario citar, que esta investigación conta co apoio indispensable do proxecto SINDUR: Sociedade da Información e Desenvolvemento Urbano-Rexional, fundamentalmente no referente ó deseño da metodoloxía de estudo. Este proxecto de investigación foi subvencionado polo Ministerio de Educación e Ciencia (SEC2002-01874), e dirixido polo profesor Dr. Carlos Ferrás Sexto.

Da revisión bibliográfica, obtivéronse numerosos estudos relacionados coa sociedade da información, as tecnoloxías da información e comunicación e o desenvolvemento rural, así como os procesos de emigración de retorno a nivel nacional e internacional. Estes foron analizados minuciosamente de cara a establecer unha base teórica que xustifique na medida do posible, a viabilidade desta investigación.

Ó longo desta comunicación, presentaranse algunhas das experiencias internacionais que apostaron pola implantación das novas tecnoloxías da información e comunicación, e a inmersión na sociedade da información como motor de desenvolvemento rural. Ó mesmo tempo tamén farei referencia ó papel importante que tivo e segue a ter, a emigración de retorno como factor de desenvolvemento socioeconómico nos espazos rurais. A este respecto mostraranse os resultados dunha investigación en profundidade que levei a cabo no concello lugués de Antas de Ulla, co gallo de estudar os movementos de retorno e as súas consecuencias sociais e

económicas neste concello rural da Galicia interior. Por último, exporei os motivos polos que as novas tecnoloxías da información e comunicación e os movementos de retorno, en especial os das segundas xeracións, poden impulsar procesos de desenvolvemento social e económico nos espazos rurais, afrontando o forte grao de avellentamento e despoboación que padece a inmensa maioría das aldeas rurais galegas.

## **2. Sociedade da información e desenvolvemento rural.**

Co progresivo avance das novas tecnoloxías da información e comunicación, estase a producir un incipiente cambio na organización social, con repercusións que afectan tamén á economía e á cultura. Para facer referencia a este novo tipo de sociedade, acuñáronse diferentes termos entre os que están o de Sociedade da Información, Sociedade do Coñecemento e Sociedade Postindustrial. Todos estes cambios, están relacionados coa substitución dos mecanismos tradicionais propios da sociedade industrial, polas novas formas de intercambio baseadas na información e ligadas ó progreso das tecnoloxías da información e comunicación.

Os avances tecnolóxicos permiten a comunicación instantánea con calquera lugar do mundo, así como o acceso á información e ó coñecemento. Ábrense novas posibilidades de mercado e emprego, pero tamén se destrúen para as persoas menos cualificadas ou “desconectadas” desta Rede Global; é o que se veu en chamar a Fenda Dixital ou “Digital Divide”. Por este motivo é moi importante non deixar de lado ós territorios menos favorecidos, tanto dende o punto de vista social como económico. Existen consecuencias negativas na sociedade globalizada, especialmente



dende a difusión da Rede de redes, Internet. Existe un perigo grave de exclusión social, sobre todo nos estratos sociais máis pobres e nas persoas maiores que non están conectadas á sociedade da información, polo que os gobernos deben tomar conciencia deste perigo (Cairncross, 2001). Por outro lado, tamén ten consecuencias positivas para os espazos rurais, xa que poden verse enormemente beneficiados ó poder acoller o traballo que antes se facía na oficina situada na cidade (teletraballo), debido ó desenvolvemento das redes de telecomunicacións e o auxe das novas tecnoloxías.

Tanto os estados en xeral como as administracións rexionais en particular, non deben de marxinar a estes espazos debido á menor demanda existente das redes de telecomunicacións de banda ancha. É necesario crear unha conciencia social das oportunidades e vantaxes que ofrecen estas ferramentas tecnolóxicas, e potenciar a alfabetización dixital dos sectores de poboación máis emprendedores e estratéxicos para levar a diante procesos de desenvolvemento económico e social. Hoxe en día son moitas as empresas que obteñen os mesmos ingresos ou superiores polas súas vendas na Rede, que as efectuadas nos propios establecementos, e isto é só o comezo.

Existen serios obstáculos que actúan de freo para a consecución dun desenvolvemento económico rural a partir da difusión das tecnoloxías da información e comunicación. As políticas de infraestructuras baseadas nas TIC, deben estar integradas noutras políticas e é preciso poñer especial interese na educación e a formación dos cidadáns. Existen obstáculos que frean as posibilidades de desenvolvemento, tales coma políticas públicas

demasiado defensivas, falta de cultura de innovación ou lagoas en materia de formación ou cualificación.

Para a implantación das TIC nas áreas rurais, requírese ter presente tres cuestións. Por un lado, dispoñer dunha boa infraestrutura de telecomunicacións e servizos, elixir un modelo de desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación apropiado, e por último, levar a cabo programas de observación e valoración de resultados. As tecnoloxías da información e comunicación, poden xogar un papel crucial de cara o desenvolvemento económico e social dos espazos rurais e existen experiencias en distintos países europeos que así o avalan. Se ben é certo que hai unha enorme desigualdade a nivel mundial en relación ó acceso as telecomunicacións básicas.

Son moitas as oportunidades que brindan as tecnoloxías da información e comunicación para favorecer o desenvolvemento dos espazos rurais, entre elas destacar a implantación de novas empresas ligadas ás TIC, tales como as dedicadas á programación de software, edición de xornais electrónicos, deseños web, revistas electrónicas, etc., así como a apertura de novos mercados mediante o comercio electrónico; xa non é imprescindible a localización dun negocio nas cidades onde se aglomera a meirande parte da poboación mundial, senón que se pode ofertar todo tipo de produtos dende calquera lugar do mundo a calquera persoa onde queira que se atope sempre e cando esta estea “enganchada” á sociedade da información.

A continuación e a modo de exemplo, exporei algunhas iniciativas de desenvolvemento rural a partir das TIC levadas a cabo nos Highlands e Islands de Escocia.

A rexión dos Highlands e Islands, ocupa unha superficie de 39.000 km<sup>2</sup> e ten unha poboación aproximada duns 370.000 habitantes. A pesar do descenso das actividades tradicionais como a pesca, a gandería, a extracción de petróleo na costa e o peche das bases militares, a súa poboación tivo un lixeiro aumento (0,3% no período 1991-1998). A explicación radica do desenvolvemento no sector do turismo, e mais na creación de postos de traballo no sector das TIC. Estas dúas actividades contrapesaron unha larga tradición migratoria facilitada por un alto nivel de formación, máis alto ca media do Reino Unido.

No ano 1991 o Scottish Office creou o Highlands and Islands Enterprise (HIE) ([www.hie.co.uk](http://www.hie.co.uk)), co fin de contrarrestar o descenso demográfico e económico. Trátase dunha axencia pública de 300 empregados que ten como obxectivos axudar ó crecemento das empresas e negocios, reforzar as comunidades e desenvolver a formación. Dende o comezo da súa actividade, o HIE creou ou retivo uns 28.000 postos de traballo na súa área e asegurou uns 4.000 postos máis relacionado co investimento estranxeiro.

O primeiro paso para a promoción das TIC, centrouse nas infraestructuras. Na súa financiación participaron a operadora British Telecom, o Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rural (ERDF) (European Rural Development Fund), e o HIE (Highlands and Islands Enterprise). A finalidade e estratexia do HIE, era dotar á rexión dunha boa

rede de infraestructuras de telecomunicacións para atraer investimento estranxeiro.

Construír unha rede de telecomunicacións eficiente en áreas remotas, é esencial para estimular o desenvolvemento socioeconómico, pero elo non é suficiente se non se coñecen as súas potencialidades e as súas novas aplicacións. Para elo o HIE, coa axuda dos fondos da UE, decidiron mediante unha serie de asesores, explicar o manexo de computadores e crear unha conciencia común do uso das TIC entre os empresarios.

Outras das iniciativas de cara a implantación das TIC nesta rexión, foi o desenvolvemento do telecomercio e o teletraballo. A comezos do ano 1999 estaban empregadas en Europa máis de 1.250.000 persoas en actividades relacionadas co telecomercio. O Reino Unido é líder en Europa no desenvolvemento destas actividades con 400.000 empregados.

Os Call Centres son os máis amplos e recoñecido tipo de telecomercio. Basicamente un Call Centre proporciona diferentes tipos de servizos ós clientes, no sector financeiro (banca e seguros), do transporte (aeroliñas, ferrocarril), e un amplo abanico de servizos a clientes, tales como renovación de pólizas, operacións financeiras, reservas, etc.

O primerio Call Centre instalado na rexión dos Highlands e Islands data do ano 1992 e emprazouse na cidade de Thurso, cunha plantilla de 25 empregados. Entorno ó ano 2000 daba emprego a 625 traballadores nunha cidade de 8.500 habitantes<sup>52</sup>. Nos últimos anos foron aparecendo numerosos Call Centres en todo este área con acceso a Internet de alta velocidade, e onde se emprega un considerable número de traballadores. Estas condicións

---

<sup>52</sup> Segundo OECD, 2001.

fan propicias a instalación nesta rexión de empresas estranxeiras dedicadas ó deseño de software, entre outras. O que decide que as compañías se instalen no medio rural, son por un lado unha boa rede de telecomunicacións e tarifas baixas que compitan coas da cidade, e polo outro, unha forza laboral cualificada que se lle retribuirá polo seu traballo en función das condicións locais, normalmente máis barato que nas principais cidades.

No ano 1994 o Western Isles Council e o programa europeo LEADER, levaron a cabo unha iniciativa para promocionar o teletraballo nas illas Hébridas. Estas están situadas ó noroeste de Escocia, e fórmanas un mosaico de máis de cincocentas illas das cales só algo menos de cen está poboadas.

A insularidade e o illamento destas illas conservaron, o medio ambiente e as costumes locais ancestrais. Na actualidade, cada vez hai máis mozos e mozas que deciden quedarse nas illas e constátase, que se instalan novos residentes atraídos pola autenticidade deste “extremo do mundo”, e outros polas posibilidades de traballo que traen consigo as tecnoloxías da información e comunicación.

Baseándose nestas tecnoloxías, o grupo LEADER Western Isles, Skye & Lochalsh, fomentou a creación de máis de 200 empregos de traballo nestas illas. Segundo a directora do grupo LEADER Western Isles, Skye & Lochalsh, nas illas Hébridas encóntrase a porcentaxe máis alta de diplomados do Reino Unido, pero o illamento xeográfico limitaba moito as posibilidades de emprego. Deste xeito este grupo de acción local apostou polo teletraballo, poñendo esa oferta de man de obra de alto nivel de cualificación en contacto con clientes lonxanos empregando as tecnoloxías

da información e comunicación en combinación coa cultura de traballo flexible dos insulares.

A partir da iniciativa LEADER, creouse o ITC (Western Isles Information and Communication Technology Advisory Service / Servicio de asesoría sobre Tecnoloxías da Información e Comunicación para as illas Hébridias). O ITC conseguiu elaborar unha base de datos de posibles “teletraballadores”. Conseguiron censarse unhas 500 persoas residentes ou desexando instalarse nas illas e rexistrando as súas cualificacións. Para conseguir ofertar emprego a estes potenciais teletraballadores, o ITC creou unha empresa chamada “Lasair” coa finalidade de xestionar contratos firmados con clientes situados en calquera parte do mundo.

Deste xeito Lasair, en 1995 foi capaz de lograr un importante contrato cun editor norteamericano especializado na indexación e posta en liña de publicacións comerciais e económicas. As revistas en formato papel, son enviadas dende California por correo e logo son distribuídas por Lasair a 35 taballadores a domicilio. Estes encárganse de indexar os diferentes artigos e adaptalos ás particularidades da publicación electrónica e publicalos en Internet, todo o proceso nun ciclo de 10 días. Dende entón, engadíronse outros moitos contratos entre os cales están a realización de sínteses de documentos, indexación e posta en liña dos Servizos de Criminoloxía do Ministerio de Interior Británico, a posta en CD ROM de tódolos números do SCOTS Law Times, periódico xurídico escocés, entre outros.

O éxito de Lasair, fixo que xurdisen outras iniciativas nas illas baseadas no uso das tecnoloxías da información e comunicación. Entre elas

cabe citar a da empresa “Eolas” que cunha financiación LEADER creou o dominio Web “Virtual Hebrides” (<http://www.virtualhebrides.com>). Trátase dun portal web onde ofrece unha ampla información sobre as illas e ó mesmo tempo, ofrece servizos moi concretos ós seus usuarios, dende ofertas de emprego, reservas turísticas, entre outras.

Este é só un exemplo de experiencias de desenvolvemento rural a partir das TIC levadas a cabo en Europa que acadaron un certo grao de éxito, pero sendo realistas non todas elas acadaron os obxectivos propostos. So moitos os factores que interveñen nestes proxectos de desenvolvemento rural a partir das TIC, e en función de cómo estean programados, dependerá o maior ou menor grao de éxito destas iniciativas.

### **3. Emigración de retorno e desenvolvemento rural.**

Neste punto exporei os resultados dunha investigación levada a cabo no concello lugués de Antas de Ulla, que tiña como obxectivo principal estudar a emigración de retorno a escala local e analizar os seus impactos na economía e na sociedade. Para elo, estudiáronse en profundidade as condicións e os motivos das saídas, os países de destino, a duración do período emigratorio, as vivencias no país de acollida, os motivos polos que deciden retornar á súa terra natal, o capital aforrado e os investimentos en Galicia e a situación social e laboral tralo retorno.

A fonte principal para a recollida de información foron as entrevistas en profundidade a emigrantes retornados residentes no concello de Antas. Foi un traballo moi laborioso pola propia natureza da entrevista, na que se tocaron moitos aspectos, e tamén debido ó elevado número que se estudaron. A propia desconfianza dos emigrantes é un factor a ter moi en

conta á hora de realizar as entrevistas, xa que poden ocultar información moi valiosa para o investigador como por exemplo, neste caso, os investimentos no país de destino e en Galicia. No concello de Antas, este factor viuse mitigado debido a que boa parte dos emigrantes entrevistados eran coñecidos e veciños meus e a súa vez, estes servíanme de enlace para localizar a máis veciños do concello que se decidiran a probar fortuna como emigrantes noutros países. Os primeiros emigrantes entrevistados, xogaron un papel moi importante para a localización de máis casos para entrevistar e como mediadores para mitigar, na medida do posible, ese ambiente de desconfianza mencionado.

O concello de Antas víuse moi afectado polos movementos migratorios dende comezos do S.XX, que tiveron como principais destinos América Latina, Europa e outras comunidades autónomas españolas. A pesar de que se lle deron explicacións idealistas e literarias como o “afán de aventura”, os causantes deste transvase de poboación foron o atraso económico, o desequilibrio entre os recursos e a poboación, e o ineficaz sistema de propiedade e explotación da terra.

Da análise en profundidade das entrevistas feitas a emigrantes retornados do concello de Antas, podemos establecer o perfil tipo do emigrante, que amosa unhas características propias en función do destino migratorio elixido, se ben os motivos que os levaron a emigrar son na maioría dos casos comúns. O seu perfil caracterízase por proceder do medio rural e traballar no campo, complementando os seus ingresos traballando a xornal, de canteiros, albaneis, carpinteiros, etc. No caso das mulleres a súa situación antes de partir non era mellor. Ademais de traballar nas tarefas do campo, tiñan que facer as do fogar e coidar dos fillos, e a demais, era



frecuente que se dedicasen á costura, oficio que aprendían ó mesmo tempo que ían á escola.

A elección do país de destino vén dada pola presenza de familiares ou amigos que lles informan da situación social e económica do país en cuestión, estes animábanos a emigrar e a aspirar a mellorar social e economicamente. Foron moi importantes o papel que xogaron as redes informais de emigrantes no proceso migratorio galego. Os veciños que decidían emigrar informaban ben por correspondencia ou ben nas súas viaxes a Galicia das marabillas dos países nos que estaban emigrados. A adaptación ó país de destino, é máis dificultosa no caso dos emigrantes con destino a países europeos, estes teñen que enfrontarse a un idioma e costumes distintos.

A situación social e laboral dos emigrantes, non varía tanto en función dos países de destino senón do tempo transcorrido dende a súa chegada. Para cada un dos tres principais destinos emigratorios, os primeiros anos son os de maiores dificultades, e cando as condicións laborais e salariais son peores. Son tamén nestes primeiros anos no país de destino, cando a mobilidade laboral é maior, precisamente na procura dun emprego mellor. Superados os primeiros anos, a adaptación consúmase e as condicións laborais melloran substancialmente.

Os investimentos dos emigrantes de Antas en Galicia foron moi cuantiosos, tendo unha importancia vital na dinámica económica deste concello. Pero o transvase do capital dos emigrantes non seguiu un ritmo homoxéneo, se ben foi variable en función do destino elixido. No caso dos emigrantes con destino a Latinoamérica, o fluxo de capital prodúcese case

na súa totalidade cando se consuma o retorno, debido a que mentres están no país de destino teñen o capital en distintos investimentos como a súa vivenda, bens inmobles (pisos en alugueiro), ou capitalizado nas súas propias empresas. Unha vez que deciden retornar ese capital é recuperado e investido en Galicia. Os investimentos de maior relevancia, están en relación coa construción (vivenda unifamiliar) ou adquisición (piso en edificación colectiva) da súa propia vivenda; de estar en idade laboral invisten os seus aforros en abrir o seu propio negocio na vila de Antas. En función do capital acumulado, tamén fan investimentos fóra do seu concello natal, mercando pisos con intención de alugalos nas principais cidades galegas.

O fluxo de capital dos emigrantes que tiveron como destino países europeos foi constante mentres durou o período emigratorio, todo o capital aforrado enviábase para Galicia. Este feito garda relación coa pretensión que tiñan os emigrantes de acumular un determinado capital no menor tempo posible, para logo investilo dun xeito productivo en Galicia. Os investimentos están relacionados coa construción da súa propia vivenda e a apertura de diversos negocios na vila de Antas, tales como cafeterías, tendas de alimentación e téxtil; noutros casos optan por continuar coa actividade agrogandeira, mercando novas terras e maquinaria para modernizar e aumentar os beneficios da explotación.

No caso de emigrantes con destino a outras comunidades autónomas españolas, o fluxo de capital prodúcese ó igual que no caso latinoamericano, unha vez que se consuma o retorno, xa que os investimentos no destino foron tamén numerosos. O retorno deste tipo de emigrantes prodúcese na maioría dos casos ó acadar a idade da xubilación, co cal os investimentos en

Galicia soen ser a construción dunha vivenda unifamiliar ou ben mercar un piso na vila de Antas. A parte destes, os investimentos non se limitan ó concello de orixe, xa que prefiren investir nas principais cidades galegas mercando pisos con intención de alugalos.

A influencia do capital da emigración de retorno, foi moi importante e tivo unha forte pegada tanto dende o punto de vista económico como urbanístico. O crecemento da vila de Antas na segunda metade do S.XX e especialmente dende os anos sesenta, non se pode explicar sen ter en conta a influencia do capital da emigración, xa que na maioría dos casos a residencia tralo retorno establécese na vila de Antas e non na aldea de onde proceden. Dende o punto de vista económico, na vila de Antas localizáronse e cartografáronse corenta e tres locais comerciais, relacionados co sector industrial e servicios. Case o 50% por cento dos mesmos están vinculados co capital dos emigrantes e se temos en conta unicamente os establecementos relacionados co sector servicios, a proporción achégase ó 60%. Isto da mostra da importancia do capital da emigración de retorno, tanto dende o punto de vista urbanístico como no desenvolvemento económico deste concello.

A cuestión dos fillos é un factor a ter moi en conta na decisión dos emigrantes á hora de programarse o retorno a Galicia definitivamente. No caso dos países Latinoamericanos, o retorno dos fillos é pouco probable, xa que nacen e fórmanse no país de destino e non teñen a penas vinculación con Galicia. No caso de que os proxenitores tomen a decisión de regresar, sempre manteñen un contacto co seu país de destino ó ter ós seus fillos nel, en ocasións pasan unha parte do ano no país de destino xunto ós fillos e

outra en Galicia. Non se pode falar dun retorno definitivo a Galicia nin tampouco o fluxo de capital é completo.

No caso da emigración a Europa, o fluxo de capital é constante e os investimentos no país de destino son escasos. Neste tipo de emigración, é pouco probable que os emigrantes leven ós seus fillos con eles, xa que o seu obxectivo é aforrar o máximo posible para regresar a Galicia. De nacer no país de destino viaxan a Galicia para deixalos xunto ós avós e seguir aforrando para poder facer investimentos productivos en Galicia. Nos casos en que os emigrantes permanecen no país de destino unha longa tempada e teñen fillos, a probabilidade de que estes retornen cos seus pais é moi baixa. Os emigrantes que elixiron outras comunidades autónomas de España, están boa parte da súa vida na comunidade autónoma de destino, os fillos nacen e edúcanse alí e tamén, ó igual que no caso latinoamericano, é pouco probable o seu regreso a Galicia.

#### **4. As novas tecnoloxías e a emigración de retorno como factores destacados nos procesos de desenvolvemento rural.**

Ó longo dos puntos precedentes, mostráronse experiencias de desenvolvemento rural a partir da implantación das novas tecnoloxías, así como os impactos sociais e económicos da emigración de retorno nun concello rural da provincia de Lugo. As novas tecnoloxías da información e da comunicación poden contribuír ó desenvolvemento socioeconómico dos espazos rurais, así como a emigración de retorno coa inxección de capital nos seus lugares de orixe. Deste xeito, ¿Poden as novas tecnoloxías e a emigración de retorno impulsar verdadeiros procesos de desenvolvemento rural?

Son moitos os territorios afectados polo fenómeno da emigración, tanto en Galicia como no resto de España e tamén a nivel internacional. Hai que ter en conta dende un principio que non todos dos procesos migratorios teñen as mesmas características, é dicir, para cada rexión a realidade migratoria é distinta, tanto na magnitude dos movementos de retorno como no capital aforrado e investido nos seus lugares de orixe. Deste xeito, un factor a ter moi en conta sería a importancia cuantitativa dos movementos migratorios de retorno nunha rexión determinada así como o capital aforrado polos seus emigrantes.

Por outro lado, tamén existen diversos factores que interveñen nos procesos de desenvolvemento mediante a implantación das novas tecnoloxías da información e comunicación. Por un lado é imprescindible dotar ós espazos rurais dunha rede de telecomunicacións que permita a conexión a Internet de alta velocidade. Este é sen lugar a dúbidas un dos principais escollos á salvar nestas rexións. No caso de Galicia, a conexión a Internet nos espazos rurais segue a ser un dos principais inconvenientes a este respecto. Son moitos os factores que condicionan o seu artellamento, entre eles citar a forte dispersión da súa poboación, os condicionantes físicos (orografía) e, a escasa demanda deste servizo debido ó forte despoboamento e avellentamento da súa poboación, sendo este un factor a ter en conta á hora de tomar decisións por parte das administracións públicas. As infraestructuras de telecomunicacións, son imprescindibles para levar a cabo os procesos de desenvolvemento na III Revolución Tecnolóxica, así como o foron as estradas e os camiños de ferro na Revolución Industrial.

Pero hai que ter en conta tamén que as infraestructuras de telecomunicacións, non son capaces por si solas de levar a cabo procesos de desenvolvemento económico. É por tanto moi importante levar a cabo políticas de formación ós cidadáns en relación ás novas tecnoloxías así como nos centros educativos, con dotacións específicas para este fin, e tamén, fomentar unha conciencia social colectiva das potencialidades que ofrece esta ferramenta tecnolóxica.

Un dos puntos fortes en relación ás vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías, xira en torno ó teletraballo e ó comercio electrónico. En relación ó primeiro, ábreanse moitas oportunidades para os espazos rurais. Son moitas as empresas que fomentan este tipo de traballo, sempre que exista unha boa rede de telecomunicacións e poboación cualificada para levalo a cabo. Un exemplo de desenvolvemento con éxito do teletraballo témolo nas illas Hébrides en Escocia, que foi analizado en apartados precedentes. Neste caso o medio rural compite fronte á cidade ofrecendo unha maior calidade de vida e man de obra cualificada a un menor custe, e pode potenciar como no caso das illas Hébrides un fluxo de emigrantes retornados coas consecuencias económicas e sociais que elo implica. A este respecto atopamos un punto de encontro entre a emigración de retorno e as novas tecnoloxías. Se os espazos rurais se dotan dunhas boas infraestructuras de telecomunicacións, así como programas de concienciación social e fomento do emprego das novas tecnoloxías nas escolas, poderíanse fomentar o retorno de emigrantes, especialmente das segundas xeracións, máis cualificadas para traballar en empregos vinculados co sector tecnolóxico.

Serían por tanto necesario levar a cabo accións conxuntas para atraer empresas de marcado carácter tecnolóxico ofertando por un lado unha boa rede de telecomunicacións, persoal altamente cualificado, e nun entorno natural que mellora a calidade de vida, sen dúbida as principais bazas dos espazos rurais fronte ás cidades. Por outro lado a difusión e implantación das TIC nos espazos rurais, xunto con programas de concienciación social das vantaxes que elo implica, pode influír moi positivamente nas PEMEs, coa difusión do comercio electrónico. Mediante as TIC, as empresas teñen acceso a novos mercados, máis alá dos habituais e fontes de información e asesoramento profesionais, ó igual que o poden ter as grandes firmas. Non sería por tanto necesaria a ubicación nas grandes cidades para garantir o éxito das iniciativas empresariais, senón máis ben estratexias ligadas ó marketing de cara os potenciais clientes do ciberespacio.

Se as novas tecnoloxías da información e comunicación mediante o comercio electrónico, aumentan considerablemente o éxito das iniciativas empresariais debido ó aceso a novos mercados, é probable que moitos dos emigrantes retornados se decanten por investir en iniciativas empresariais, do mesmo xeito que o fixeron no pasado. A diferenza é que coa implantación das novas tecnoloxías, poden atraer ós lugares de orixe ás segundas xeracións, con maior cualificación e cun espírito máis emprendedor, e levar así iniciativas empresariais máis ambiciosas. Isto leva asociado ademais do conseguente impacto económico, unha revitalización social ó atraer a poboación, na maioría moza, posibilitando verdadeiros procesos de desenvolvemento rural e loitar así contra o avellentamento demográfico e despoboación dos espazos rurais.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

ÁLVAREZ SILVAR, Gabriel. *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997.

CAIRNCROSS, Frances: *The death of the distance. How the communications revolution will change our lives*. London. Texere, 2001.

CASTELLS, Manuel: *La era de la información. La sociedad red*. Madrid. Alianza Editorial, 2000.

CASTILLO CASTILLO, José. *La emigración española en la encrucijada: estudio empírico de la emigración de retorno*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, 1980.

EIRAS ROEL, Antonio. *Aportaciones al estudio de la emigración gallega, un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.

FERRÁS SEXTO, Carlos. “Movimientos migratorios, cambio socioeconómico e desenvolvemento rexional en Galicia (1970-1990)”. En: *Estudios migratorios*. N.2. [s.l.]: [s.n.], 1996 b. P. 85-121.

FERRÁS SEXTO, Carlos. *Cambio rural na Europa Atlántica: os casos de Irlanda e Galicia: 1970-1990*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996 a.

*Information and Communication Technologies and Rural Development*. OECD, 2001

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. “La emigración: Galicia en el mundo”. En: *Freixanes, Víctor F. Galicia, una luz en el Atlántico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001. P. 224-247.

O'MALLEY, Mónica: “Digitalizar Longford”. *El desarrollo rural en la Sociedad de la Información*. [En línea]. [Ref. De 9 de setembro de 2004]. Disponible en Internet: <http://europa.eu.int/comm/archives/leader2/rural-es/biblio/is/contents.htm>

PATERNO, Nino: “Cuando la telemática rompe el aislamiento y crea empleos: Del Twed a la tela”. *El desarrollo rural en la Sociedad de la Información*. [En línea]. [Ref. De 9 de setembro de 2004]. Disponible en Internet: <http://europa.eu.int/comm/archives/leader2/rural-es/biblio/is/contents.htm>



RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Román. “A emigración de retorno nas pequenas cidades galegas”. En: *Estudios Migratorios*. N. 5. [s.l.]: [s.n.], 1998. P. 29-52.



# **MARKETING TERRITORIAL E NOVAS TECNOLOXÍAS**

**David Santomil Mosquera**

Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Universidade de Santiago de Compostela



## 1. Introducción:

¿Territorial marketing?, ¿marketing territorial?, ¿mercadotecnia territorial?, ¿mercadoloxía territorial? ¿mercadeo do territorio<sup>53</sup>?...Sí, falamos da fusión de dous termos atribuídos tradicionalmente ó mundo empresarial (caso do marketing) e á Xeografía (territorio) respectivamente.

Falamos pois dun concepto de recente creación e de definición flexible pouco utilizado nos discursos xeográficos: O **marketing territorial**. É dicir o “marketing do territorio”. Mediante o cal podemos interpreta-lo territorio como unha imaxe, un produto vendible ou unha mercancía, na procura dun espazo atractivo e de fomento do desenvolvemento socioeconómico centrado en captar, por exemplo: inversións económicas, actividades productivas, axudas das administracións públicas, poboación residente, visitantes ou turistas.

E agora, ¿cómo relacionar novas tecnoloxías e marketing territorial?. Neste caso presento nas II Xornadas SINDUR un avance do meu traballo de investigación titulado: **Mercadotecnia territorial e avaliación dos recursos turísticos a microescala: Fundamentos teóricos e modelo práctico do concello de Brión (A Coruña)**. No cal pretendo buscar e inventaria-los recursos turísticos existentes nas aldeas e parroquias do concello de Brión (A Coruña), localizando cada un dos mesmos nun SIX<sup>54</sup>

---

<sup>53</sup> Eduardo Parra (1990) presenta como sinónimos os termos mercadotecnia, marketing, mercadoloxía ou mercadeo no seu “Diccionario de publicidad y marketing”. Mercadotecnia territorial e marketing territorial utilízanse nas diferentes referencias bibliográficas en castelán. A pesares de que a maioría dos autores utilizan maioritariamente o termo “marketing territorial”.

<sup>54</sup> Un Sistema de Información Xeográfica (SIX) que permita relacionar a base de datos na que figuran tódolos recursos cunha cartografía dixital a microescala (de detalle).

coa intención de publicalo en Internet á vez que se ofertan toda unha serie de produtos turísticos creados a partir da avaliación dos recursos turístico – territoriais de Brión: Miradores paisaxísticos e rutas históricas, antigos edificios emblemáticos (castelos, pazos, igrexas,...), oficios tradicionais (cereiros, cesteiros, sombreireiras, selleiros,...), gastronomía tradicional (augardente, carnes, pescados,...), festas populares, etc.

O obxectivo final será promocionar e comercializar (vender) cada un dos produtos turísticos mediante Internet (a axencias de viaxe, asociacións, particulares, etc.) coa intención de que visiten Brión e “consuman” os diferentes produtos turísticos ofertados. Realmente estamos “vendendo Brión” na rede.

Destá forma limito as estratexias de marketing territorial ó sector turístico<sup>55</sup>, na procura de atraer visitantes e turistas a Brión. Interpretando o territorio como un produto turístico creado (caso do SIX) e promocionado (caso de Internet) mediante o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Establecendo así unha relación directa entre o marketing territorial e as novas tecnoloxías.

A continuación presentarei de forma máis detallada os fundamentos teóricos do chamado marketing territorial e a posibilidade de aplica-las novas tecnoloxías no desenvolvemento de estratexias centradas na atracción de visitantes e turistas a un territorio. Presentando finalmente as principais

---

<sup>55</sup> De aí que no meu traballo utilice o termo marketing turístico – territorial, para diferenciarlo daquelas estratexias de marketing limitadas á atracción de empresas, poboación residente, investimentos,... Neste caso as estratexias de marketing territorial céntranse no sector turístico e na atracción de visitantes e turistas que, a maiores, pode levar implícita a atracción de empresas, poboación, investimentos,...

características do traballo de investigación que desenvolvo actualmente no concello de Brión.

## **2. O Marketing ou Mercadotecnia Territorial**

Como xa comentaba anteriormente, o marketing territorial caracterízase por interpreta-lo territorio como un produto, imaxe ou mercancía vendible, coa intención de atraer recursos humanos i económicos que permitan desenvolver social, cultural y economicamente un territorio aproveitando os seus propios recursos. Trátase pois dun método ou técnica empresarial destinada a promove-los territorios na procura dun desenvolvemento sostible a tódolos niveis. Persoalmente centrareime no desenvolvemento da actividade turística a escala local, de cara a proxectalo posteriormente a escalas superiores (comarcal, rexional, etc.), para as cales están mellor adaptadas tódalas estratexias de marketing.

O marketing territorial, tamén interpretado como o “marketing dos territorios” (Cidrais, 1998) pódese considerar como un conxunto de coñecementos e instrumentos desenvolvidos polo marketing, que pode aplicarse na xestión estratéxica dos territorios, promovendo a súa emancipación política i económica (Ferrás Sexto, 2001). Partindo da creación dunha imaxe territorial atractiva coa finalidade de mostrala e “vendela” a potenciais residentes, investidores ou visitantes.

Sen dúbida algunha, considero que temos que coñecer tódolos recursos existentes no territorio antes de elaborar calquera estratexia de promoción territorial ou turístico - territorial. Por iso é necesario analizar, avaliar e diagnosticar cada un deles, apoiándonos no traballo de

inventariado e avaliación a microescala realizado con anterioridade, no meu caso utilizando un Sistema de Información Xeográfica.

Unha vez avaliados tódolos recursos e coñecida a súa potencialidade turística concretaremos cal será a imaxe ou marca territorial que pretendemos promocionar e “vender” ós actuais e potenciais residentes, empresarios, institucións, visitantes e turistas, etc.

*TERRITORIO = PRODUCTO/MERCANCÍA*  
*POBOACIÓN, INVESTITORES, VISITANTES E TURISTAS = CLIENTES*

O proceso de “venta do territorio” iníciase coa transformación dos recursos locais en turísticos e posteriormente en produtos turísticos concretos (balnearios, hoteis, rutas históricas, etc.). Productos que podemos promocionar e comercializar mediante imaxes ou marcas, que van dirixidas ós nosos clientes potenciais (axencias de viaxes, empresas, asociacións, visitantes, posibles habitantes, etc.) a través de Internet. Clientes que reportarán beneficios humanos (maior dinamismo demográfico) i económicos (xeración de emprego, euros, etc.) ó territorio de acollida.

### **3. As novas tecnoloxías aplicadas ao Marketing Territorial**

¿Que pretenden dicirnos as mensaxes publicitarias e os slogans “Ven a Galicia”, “Compostela, cidade universal”, “Andalucía solo hay una”, “Castilla y León es vida”<sup>56</sup> ou “Visítanos”, “Coñécenos”, “Somos únicos”,...

---


<sup>56</sup> Slogans que figuran nos anuncios publicitarios de radio e televisión e nas páxinas web. Caso de [www.santiagoturismo.com](http://www.santiagoturismo.com), [www.andalucia.org](http://www.andalucia.org), [www.turismocastillayleon.com](http://www.turismocastillayleon.com), etc. en cada caso.



Vemos claramente como o territorio trata de venderse a visitantes e turistas na radio, na televisión e en Internet da mesma forma que o fan as empresas cos seus produtos. Só temos que botar unha ollada ás feiras ou exposicións onde as diferentes cidades, rexións, comunidades autónomas, países,... compiten nun mesmo espazo por demostrar ós asistentes por qué ese lugar e o máis adecuado para visitar, residir ou crea-la súa empresa. Feito que permite demostra-la existencia dunha auténtica competición inter - territorial (Holcomb, 1993), onde as mellores estratexias de marketing territorial decantarán a balanza cara un ou outro territorio á hora de tomar unha decisión. Un claro exemplo témolo en FITUR (Feria Internacional de Turismo, Madrid), onde cada territorio oferta os seus recursos turísticos na procura de captar turistas ó igual que o fan as empresas que tamén están presentes nesa feira de turismo.

As estratexias de marketing territorial en Internet aumentan a medida que evoluciona a rede e aumenta o seu número de usuarios, de forma que os concellos, as deputacións provinciais, as comunidades autónomas, os países,...crean páxinas web nas cales mostran ós usuarios da rede os seus recursos turístico - territoriais á vez que ofertan produtos turísticos amparados por imaxes, marcas, slogans ou logotipos concretos.

Vemos, por exemplo, como en [www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es) ofertan onde aloxarse e comer, qué visitar, qué facer, onde informarse, onde facer reservas, por onde moverse coa axuda dun mapa onde nos recomendan certas rutas, etc. no Courel (Lugo).



A modo de anécdota, presentar unha iniciativa desenvolvida polo portal web [www.corcubion.com](http://www.corcubion.com), onde reclaman ós usuarios os slogans que lle axuden a “vender” o seu pobo de cara ós turistas, neste caso algúns dos concellos da Costa da Morte (A Coruña).

Nin máis nin menos...solicitan: ¡Véndenos a túa vila!, para que tódolos usuarios aporten un slogan turístico que axude a crear unha imaxe ou marca atractiva para os visitantes ou turistas. Neste caso o slogan gañador do I Concurso de Slogans Turísticos da Costa da Morte foi: “Fisterra: Fin da Terra, comezo dos soños”.

A importancia do marketing territorial en Internet. Caso [www.corcubion.com](http://www.corcubion.com)



Considero que os slogans, imaxes ou marcas sitúanse na última fase do proceso de planeamento estratéxico dos recursos turísticos. Establecendo como fase de partida o inventariado dos recursos turístico – territoriais existentes, seguido da súa avaliación e posterior creación de produtos turísticos. Sendo estes últimos os que estarán amparados polos slogans, imaxes ou marcas creados de cara á súa promoción e comercialización.

Trátase pois dun proceso cíclico de planeamento no cal baseo o meu traballo de investigación, do cal presento un breve resumo do contido, estrutura e metodoloxía de traballo no seguinte apartado deste artigo.

#### 4. Modelo práctico do Concello de Brión.

Como comentaba anteriormente, o primeiro dos obxectivos perseguidos no meu traballo de investigación será a búsqueda e o

descubrimiento de posibles recursos turísticos no concello Brión (A Coruña), situado a escasos 10 kilómetros de Santiago de Compostela.

A estrutura deste traballo desenvólvese seguindo as diferentes fases dun proceso cíclico de planeamento estratéxico<sup>57</sup>.

Establecéndose as seguintes fases ordenadas cronoloxicamente:

1. Formulación de obxectivos
2. Inventario da situación existente: Posibles recursos turísticos
3. Análise, avaliación e diagnose turístico - territorial
4. Elaboración e valoración de diferentes alternativas
5. Concretar un conxunto de estratexias de actuación

Evidentemente, no conxunto de estratexias de actuación figurará a estratexia de mercadotecnia territorial que pretendo aplicar a Brión. Comentando cales serían as posibles vías de solución para unha correcta promoción e comercialización dos produtos turísticos creados.

Un dos grandes erros que, ó meu entender, cometen os responsables de edita-las guías, mapas e folletos de promoción turística dos concellos, pasa por non coñecer de antemán a situación na que se atopan cada un dos recursos que eles identifican. Desta forma, saltanse todo o proceso planeamento, pasando directamente a unha fase de promoción sen sentido, na cal “venden” recursos turísticos que non existen como tales, atopándonos castros soterrados, pazos pechados, miradores inaccesibles, etc. Por iso é

---

<sup>57</sup> Esquema seguido en: ROSÁRIO PARTIDÁRIO, M. (1999): “Introdução ao Ordenamento do Território”. Universidade Aberta, Lisboa. Páx. 66-73.

imposible que alguén se aventure a mobilizar a posibles visitantes e turistas ata estes lugares.

Trátase pois dunha estrutura de traballo baseada nas diferentes fases dun proceso de planeamento estratéxico. Fases nas cales tratarei de introduci-lo uso das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) coa finalidade de facilita-lo proceso. No o cal procuro utilizar unha metodoloxía de traballo baseada no uso dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) e no traballo de campo.

Con esta finalidade, realicei un amplo repaso pola bibliografía existente sobre o concello de Brión: Plan Xeral de Ordenación Municipal, folletos, guías turísticas, libros, revistas, unidades didácticas, consultas en Internet, etc. Á vez que identificaba cada recurso nun SIX elaborado en base á cartografía dixital da Xunta de Galicia a escala 1:5000.

Unha vez recollida toda esta información bibliográfica, comezou o traballo de campo e a ratificación dos datos existentes, percorrendo varias veces o concello de Brión. Momento no cal, lamentablemente, comprobei o que estaba imaxinando dende un primeiro momento: Pazos en ruínas ou inaccesibles, dificultades na localización dos recursos, castros soterrados, mámoas e petroglifos inexistentes, festas populares que xa non se realizaban, infraestructuras municipais en desuso, etc.

De todas formas, localicei no mapa cada un dos posibles recursos turísticos á vez que cubría unha ficha ligada á cartografía, informando así sobre a súa localización, accesibilidade, sinalización, estado de conservación e utilización, etc.

Evidentemente, xorden problemas (López Olivares, 1998): ¿Qué recursos valoramos como turísticos para introducilos no inventario? e ¿cómo deseñar un inventario para clasificar cada un dos recursos?. Estas son as preguntas que se realizan practicamente tódolos investigadores á hora de realizar un inventario, pois a enorme complexidade territorial de certas áreas e as diferentes escalas de traballo obrigan a adapta-lo seu deseño a cada caso. Persoalmente decidín utiliza-lo modelo proposto pola Organización Mundial de Turismo (OMT) en 1978, adaptándoo á escala municipal e máis concretamente a un concello rural onde o sector turístico é practicamente inexistente.

No tocante ós recursos que podemos considerar “turísticos”, remítome ó Simposium sobre planificación turística organizado pola Secretaría de Estado de Turismo celebrado en 1981<sup>58</sup>. Onde proponen que se inclúa no inventario aqueles recursos que presentan unha certa demanda turística actual ou potencial, debido á súa singularidade (antigüidade, rareza, calidade artística, etc.), accesibilidade ou posibilidade de aproveitamento (Leno Cerro, 1993).

Unha vez realizado o inventario dos posibles recursos turísticos mediante un Sistema de Información Xeográfica que permita relacionar esta base de datos coa cartografía “de detalle” (incluso a escala maiores a 1:5000), realízase o proceso de análise e avaliación dos recursos seleccionados. Con este fin, decidín utiliza-lo método de avaliación analítica

---


<sup>58</sup> Citado no apartado: El inventario y su realización: cuantificación y distribución. De LÓPEZ OLIVARES, D. (1998): “La ordenación y planificación integrada de los recursos territoriales turísticos”. Universitat Jaume I, Castellón de la Plana. Páx. 49.

defendido por Leno Cerro, F. en 1993, por López Olivares, D. en 1998 e posteriormente por Cibeira Moreiras, R.Mª. (2001) entre outros autores. No cal avalían cuantitativamente cada recurso identificado no inventario en base a diferentes factores. Tales como: conectividade, conservación, contorno, uso, valor intrínseco ou grao de promoción e comercialización.

Ó meu parecer, trátase dun técnica de avaliación que non é totalmente fiable, pois a asignación dos valores é moi discutible. Sen embargo servirá de referencia para establecer si a posibilidade de explotación turística de cada recurso é inexistente, baixa, media, alta ou moi alta. Feito que, sen dúbida, axudará no proceso de creación de produtos turísticos e na elaboración dunha determinada estratexia de mercadotecnia territorial de cara á súa promoción e comercialización.

Nesta última fase de promoción e comercialización dos produtos turísticos creados baixo imaxes, marcas ou slogans concretos publicaría o SIX en Internet, coa finalidade de que os usuarios da rede, visitantes e turistas puidesen acceder a esa información. Sabendo así de antemán cal é o estado no que se atopa cada recurso, a accesibilidade, fotografías, horarios, etc.

Aquí vemos o visualizador creado a partires do SIX. O traballo a microescala permítenos aumenta-lo zoom ata escalas 1:5000, 1:1000, 1:500,...





## **BIBLIOGRAFÍA**

ARMAS DIÉGUEZ, P. (2000): “*El patrimonio paisajístico gallego como recurso turístico*”. En: Leira López, J. e Méndez Fonte, R. (2000): *O Patrimonio e a cultura proxectual, un diálogo necesario*. Deputación Provincial de Lugo (A Coruña), pp. 13-23.

ASHWORTH, G.J. e VOOGD, H. (1990): “*Selling the city. Marketing Approaches in Public Sector Urban Planning*”. Belhaven Press/Printer. Londres.

CÁMARA, D. (1995): “*Diccionario de marketing*”. Universidad de Deusto. Bilbao

CIBEIRA MOREIRAS, Rosa M. (2001): “*O potencial turístico do Val do Avia (Ourense)*”. Estudios Turísticos. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

CIDRAIS, A. (1998): “*O marketing territorial aplicado ás cidades medias portuguesas: os casos de Evora e Portoalegre*”. Tese de mestrado. Universidade de Lisboa. Lisboa.

FERRÁS SEXTO, C. (2001): “*El territorio como mercancía. Fundamentos teóricos y metodológicos del marketing territorial*”. En: *Revista de Desenvolvemento Económico*. Nº5 (diciembre 2001). Salvador, BA, pp. 67-78.

GALACHO JIMÉNEZ, F.B. (2003): “*Las nuevas tecnologías en la planificación y gestión turística*”. En: Santos Solla, X.M. (2003): *La Geografía y la gestión del turismo: Actas del VIII Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, pp. 415-464.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1998): “*Brión: Historia, economía, cultura e arte*”. Editorial Toxosoutos. Noia.

GRAHAM, J.R (1992): “*Marketing magnético*”. Ediciones Díaz de Santos. Madrid.

KOTLER, Ph. et al (1993): “*Marketing Places: Attracting Investment, Industry, and Tourism to Cities, States and Nations*”. Free Press, New York.

- LENO CERRO, F. (1989): *La evaluación de los recursos turísticos. El caso del Canal de Castilla*. Tesis doctoral. Universidad Complutense de Madrid. Madrid. 2 Vols.
- LENO CERRO, F. (1993): *“Técnicas de evaluación del potencial turístico”*. Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Madrid.
- NEVES, O. (1993): *“Marketing territorial. Contributo para a promoção económica das cidades”*. En: Revista Portuguesa de Gestão. Nº1/93. pp. 45-55.
- NOISETTE, P. e VALLÉRUGO, F. (1996) : *“Le marketing des villes. Un défi pour le développement stratégique”*. Les Editions d’Organisation, París.
- ORGANIZACION MUNDIAL DEL TURISMO (1978): *“Evaluación de los recursos turísticos”*. O.M.T. Madrid.
- PHILO, C. e KEARNS, G. (1993): *“Selling Places: The city as cultural capital, past and present (Policy, planning and Critical Theory)”*. Pergamon Press. Oxford.
- PUÑAL RAMA, A.B. e COCINHA, I. (2001): *“A patadas co patrimonio arqueolóxico”*. En: Tempos novos. Nº46 (marzo 2001). pp. 16-26.
- SARMENTO, J. (2003): *“Marketing territorial e espaços virtuais a indústria do turismo nos açores e no sudoeste da Irlanda”*. En: Documentos de traballo (IDEGA). Xeografía. Nº13 (febreiro 2003). Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- SOLOVIOVA, Y. (2003): *“Las nuevas tecnologías en la planificación y gestión turística en el sector turístico español”*. En: Santos Solla, X.M. (2003): *La Geografía y la gestión del turismo*. Actas del VIII Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, pp. 489-496.
- SOUTO GONZÁLEZ, X.M. dir. (2001): *“Planeamento estratéxico e mercadotecnia territorial”*. Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Vigo.
- SPERLING, D. (1991): *“Le marketing territorial”*. Milan-Midia, Toulouse.
- TEXIER, L. (1993): *“Peut-on parler de Marketing Territorial?”*. En : *Revue d’Economie Regionale et Urbaine*, Nº1, 1993, pp. 141-159.
- TEXIER, L. e VALLA, J-P. (1993): *“Le Marketing Territorial et ses enjeux”*. En *Revue française de Gestion*. pp. 45-55.

WARD, S.V. (1998): *“The Marketing and Promotion of Towns and Cities, 1850-2000 (Studies in History, Planning and the Environment Series)”*. Ed. Paperback. London.

WIEVORKA, M. (1975): *“Le marketing urbain. Espaces et Sociétés*, 16, pp.109-123



**INFOBRION DIFUNDE EN INTERNET O  
DESENVOLVEMENTO DAS II XORNADAS  
SINDUR. NOVAS TECNOLOXÍAS E ECONOMÍA  
CULTURAL**

**Yolanda García Vázquez**

**Francisco Xosé Armas Quintá**

Grupo de Investigación Socio-Territorial. GIS-T IDEGA.

Universidade de Santiago



## **1. Resumo de actividades.**

As II Xornadas SINDUR tiveron lugar en Santiago de Compostela e o concello de Brión, os días 15, 16 e 17 de decembro de 2004. Na segunda sesión, participaron estudantes da Universidade de Santiago, da Universidade do Minho (Portugal), alumnos e alumnas do IES de Viceso e do colexio de Pedrouzos (Brión), técnicos do concello de Brión, e investigadores da Universidade de Santiago. Ó longo do día leváronse a cabo unha serie de actividades, coa finalidade de familiarizar a estudantes e xubilados coas novas tecnoloxías. InfoBrion publicou en vídeo dixital, un resumo das actividades que se levaron a cabo no pavillón de deportes e na Casa de Cultura de Brión. Entre elas destacar o taller de manualidades, fabricación de vidreiras, xogos populares e a exposición do portal [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com).

Ó longo da mañá do día 16 de decembro, desenvolvéronse dúas táboas de debate. Nunha delas participaron profesores e estudantes do IES de Viceso de Brión e técnicos do proxecto Infobrion, onde se debateu sobre as Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación, a Educación, e o desenvolvemento local. Na segunda táboa de debate, participaron técnicos de cultura da administración local e do proxecto Infobrion, co fin de debater sobre o papel que poden desempeñar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), na difusión da cultura e desenvolvemento local. Pola tarde, levouse a cabo unha xornada de demostración con nenos de diferentes idades procedentes do CEIP de Pedrouzos (Brión), que tamén colaboran no proxecto SINDUR. O obxectivo perseguido era o promoción e uso das TIC como ferramenta de comunicación interxeracional. Coa colaboración de varios veciños do concello, demostraron ós máis pequenos distintos oficios,

xogos, etc. recollendo material en formato dixital para despois publicar en Internet.



Na fotografía que se mostra a continuación, correspóndese coa presentación das táboas de debate que se ían a celebrar ó longo da sesión matinal. Nesta mesa de presentación estaban presentes (de esquerda a dereita) o Dr. Artur Serra i Hurtado, profesor na Universidade Politécnica de Cataluña, amosou un gran interese no proxecto que se está levando a cabo no concello de Brión e establecer posibles contactos para intercambiar experiencias similares de desenvolvemento local a partires das novas tecnoloxías entre Galicia e Cataluña.





Participaron tamén nesta mesa de presentación representantes dos dous centros de ensino de Brión que están a colaborar no proxecto SINDUR. César Sieiro Pousa, como director do CEIP de Pedrouzos sinalou o gran interese pedagóxico que ten o emprego das novas tecnoloxías entre os alumnos. Luz Ramos López é a coordinadora do proxecto SINDUR no IES de Viceso. Sinalou as potencialidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e comunicación no ensino así como a súa aportación ó proxecto SINDUR.

A continuación, D. Xosé Luís García García, alcalde do Concello de Brión, expuxo a grandes trazos a colaboración do concello de Brión coa Universidade de Santiago para materializar este proxecto, así como as posibles repercusións da penetración das novas tecnoloxías da información e comunicación na sociedade, economía e a cultura.

O Dr. Carlos Ferrás Sexto, director do proxecto SINDUR e profesor na Universidade de Santiago de Compostela, incidiu no esforzo que se está a facer para levar a diante esta experiencia piloto, tanto por parte da Universidade de Santiago como dende o concello de Brión e os centros de

ensino, así como a valoración de resultados do portal electrónico despois de case un ano de vida.

Para rematar interveu D. Alberto Álvarez Escudero, responsable da área de cultura no Concello de Brión. Falou sobre a metodoloxía de traballo levada a cabo para a actualización constante de Infobrion.com, a selección de material para a súa publicación en Internet e a constitución dun arquivo virtual e físico na Casa da Cultura do concello de Brión.

Na táboa de debate Educación, Desenvolvemento local e Novas Tecnoloxías, participaron dous profesores do IES de Viceso, a coordinadora do proxecto SINDUR no Instituto, Luz Ramos e o xefe de estudos Xabier Vázquez Parcero. Fixeron un breve repaso da evolución cualitativa e cuantitativa dos contidos da sección do ciberinstituto no portal web InfoBrion. A gran maioría das actividades dos alumnos e alumnas deste centro de ensino son recollidas en formato dixital e publicadas na web, sendo moitos dos contidos empregados como recursos didácticos nas aulas.



Na táboa de debate Educación, Desenvolvemento local e Novas Tecnoloxías, participaron tamén tres alumnos do IES de Viceso, Daniel Arufé, Cristina Vázquez e Lorena Bellez. Presentaron varias fichas que elaboraron en conxunto con varios compañeiros do instituto. Un dos traballos que publicaron na sección de cibereducación en Infobrion está relacionado co uso das novas tecnoloxías no ámbito académico. Realizaron unha enquisa entre os alumnos do instituto para coñecer a utilización do ordenador e os motivos polos que se accede a Internet. Esta reportaxe está dispoñible en InfoBrion na seguinte URL: [http://www.infobrion.com/publico2/i\\_taller.php?id=529](http://www.infobrion.com/publico2/i_taller.php?id=529)



Entre os traballos que se lavaron a cabo entre os alumnos e alumnas do IES de Viceso publicados en Infobrion e que se expuxeron nesta táboa de

debate cabe citar unha reportaxe relacionada coa perda da biodiversidade ([http://www.infobrion.com/publico2/i\\_taller.php?id=501](http://www.infobrion.com/publico2/i_taller.php?id=501)), elaborada por dúas alumnas de 4º de ESO dentro das actividades da asignatura de ciencias medioambientais.

Coa colaboración de 

# InfoBrion.com

Consulta o teu mail 

Presentación | Brion Folk Project | Cibereducación | Os veciños | Os museos | A praza pública | Noticias | Axenda | Buscador

<p><b>■ Seccións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación</li> <li>Xestión e administración</li> <li>O Instituto na memoria</li> <li>O obradoiro do sabio</li> <li>Excursións didácticas</li> <li>Actividades deportivas</li> <li>Festas e conmemoracións</li> <li>Vida cotiá no instituto</li> <li>Revista do instituto</li> <li>Axenda</li> <li>Taboleiro de novas</li> <li>Xogos</li> <li>Cartas ó director</li> <li>Asociación de pais e nais</li> <li>Asociación de ex-alumnos</li> </ul>	<p><b>Ciberinstituto de Viceso</b> O obradoiro do sabio</p> <p>Alumnas de 4º da ESO do IES Esparís estudian o Medioambiente.</p> <p><b>Perda de biodiversidade</b> Un mal que debemos evitar</p> <p>Aida Rodríguez Puime e Rocio Reboreda Pardo</p> <p><i>As alumnas elaboran e expoñen o traballo na materia de Ciencias Medioambientais en 4º da ESO; con elo coñecen e conciéncianse dos grandes problemas medioambientais, á vez que traballan a exposición oral e en público dos seus coñecementos.</i></p> <p><b>¿Que é a Biodiversidade?</b></p> <p>Biodiversidade é a contracción da expresión "diversidade biolóxica". Nun sentido amplo é sinónimo de "vida sobre a Terra". Aínda que non hai ningunha definición completa e exacta de que é a biodiversidade, trala Conferencia de Río de Janeiro de 1992 a palabra biodiversidade inclúe estes conceptos:</p> <p>a) Variedade de especies que hai na terra</p>	<p><b>Galería de imaxes</b></p>  <p><b>Perda da biodiversidade</b> A biodiversidade dun ecosistema é a súa principal garantía de supervivencia.</p> <p><b>Sons</b> <small>[Espera uns segundos para escoitar o son]</small> - Non hai</p> <p><b>Vídeos</b> <small>[Espera uns segundos para ver os vídeos]</small> - Non hai</p> <p><b>Foros relacionados</b> - Non hai</p>
---	--	--

Na táboa de debate Cultura, Desenvolvemento local e Novas Tecnoloxías participaron distintos técnicos do concello de Brión de múltiples áreas, dende a música, o deporte, voluntariado e a área de cultura. Ademais participaron os organizadores da Festa de Santa Minia e a Festa do Cabalo de Brión.

Armando Patiño Nimo, falou sobre o arquivo físico e en formato dixital que se está configurando na casa de cultura de Brión. Gracias ás novas tecnoloxías da información e comunicación, todo o material que se dispoñía no concello relativo a festas e outros eventos, están na actualidade a disposición de tódolos veciños e veciñas do concello mediante Infobrion e tamén na casa de cultura en formato dixital en alta calidade para quen o requira. Carlos Pintor Iglesias, profesor de piano na escola de música do concello, fixo especial fincapé na importancia das novas tecnoloxías de cara a promoción e difusión das agrupacións musicais do concello, dende a banda de música, o grupo de pandereiteiras Noitebra entre outros. Tamén poden empregarse para promocionar a propia escola de música do concello e atraer a novos alumnos, así como fomentar a cultura musical entre as xeracións máis xóvenes de Brión.

A continuación tivo a palabra Benigno Vázquez Barbeira, organizador da Festa de Santa Minia no concello de Brión. Na súa opinión, as novas tecnoloxías poden xogar un papel moi destacado á hora da promoción turística desta festa, así como outras moitas deste concello. Falou da posibilidade de facer reportaxes en vídeo dixital das celebracións relixiosas vencelladas á Festa de Santa Minia para logo publicalas en Internet. Ademais da vertente turística, esta ferramenta fai posible que desaparezan as distancias entre os emigrantes galegos na diáspora ó poder desfrutar dos festexos e outros acontecementos da vida diaria do seu concello natal.

## Festas e tradicións

Un dos acontecementos relixioso-festivos máis destacables de Galicia **InfoBrion.com presenta a Romaría da Santa Minia-2004 en video dixital**

Unha reportaxe realizada coa finalidade de mostrar en Internet as diferentes actividades organizadas.

GIS-T IDEGA, USC e Carlos Pintor

Os días 25, 26 e 27 celebrouse a tradicional Romaría de Santa Minia na Carballeira do mesmo nome. Un ano máis, foron milleiros os romeiros que chegaron a Brión para ofrecerse á virxe milagreira coa finalidade de mellora-lo seu estado de saúde. Agora podes ve-los **VIDEOS** da Festa da Santa Minia no ano 2004 en versión dixital.

O 27 de setembro é o propio día da festa. Sen embargo, organizáronse diferentes actos relixiosos e actividades durante os tres días:

- Misas
- Actuacións musicais: Bandas de música e de gaitas, charangas e orquestras
- Xogos para nenos
- Carpas onde degustar polbo á feira, churrasco, etc.
- Mercadiño
- Fogos artificiais

**Nesta reportaxe podes ver as FOTOGRAFÍAS e VÍDEOS deste ano**

## Galería de imaxes

[<] Ant 1 2 3 4 5 6 7 Seg [>]



## O baile

Sesión vermut na Carballeira de Santa Minia. As charangas, os grupos de gaitas e as orquestras anima... [Ampliar](#)

## Sons

- [Espera uns segundos para escoitar o son]
- Opinión dunhas romeiras de Pontevedra [0' 52"]
  - A charanga na carballeira [2' 24"]
  - As gaitas e os tambores [3' 08"]
  - O son da charanga no adro da capela [1' 17"]

## Videos

[Espera uns segundos para ver o vídeo]

Xosé Manuel Trigo Romero, responsable da área de deportes do concello de Brión expuxo a súa opinión en relación ás novas tecnoloxías e o deporte. Entre elas citou a posibilidade de dispoñer de reportaxes cos resultados dos partidos de fútbol da comarca, reportaxes sobre as escolas deportivas e incluso entrevistas a deportistas de elite destacados de toda Galicia.

Manuel Gendra Picallo, secretario da asociación de veciños de Bastavales, falou sobre as enormes posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e comunicación e centrou a súa opinión na comunidade emigrante. Deste xeito, os emigrantes de Brión así como os do

resto de Galicia, poden estar en contacto diario mediante as TIC, pero non só se limita á comunicación, van máis alá ó poder coñecer o día a día da súa comunidade natal e as actividades da súa xente. Fixo referencia ó gran interese que mostraron os emigrantes do concello de Brión e arredores en Arxentina sobre o portal Infobrion, en especial as entrevistas ós maiores deste concello.

Alberto Álvarez Escudero, responsable da área de cultura do concello de Brión fixo referencia á posibilidade de publicar en Internet reportaxes de todas as actividades lúdico-culturais celebradas ó longo do ano, dende o Nadal, Antroido, Magosto, etc. Destacou a importancia da difusión dos distintos cursos ofertados, tanto dende a casa da cultura como dende a área de servicios sociais, coa posibilidade de facer a inscrición por Internet.

Participou tamén nesta táboa de debate Manuel José Fernández García, organizador da Festa dos Cabalos no concello de Brión. Fixo referencia ás novas tecnoloxías como unha ferramenta clave para a promoción turística deste evento. En Infobrion está publicada unha ampla reportaxe con vídeos dixitais sobre a XXII edición da Festa do Cabalo.

Dora Vieiro Nogueira, técnico de formación e voluntariado no concello de Brión fixo referencia ás novas tecnoloxías como ferramenta de difusión de cursos de formación así como a publicación de reportaxes das distintas actividades levadas a cabo polos voluntarios, entre elas citar a programación dos campamentos de verán.

O Dr. Carlos Ferrás Sexto, director do proxecto SINDUR e profesor na Universidade de Santiago actuou de moderador nesta táboa de debate.

## **2. Crónica da organización do taller dixital interxeracional.**

Dentro do programa das II Xornadas SINDUR, Novas Tecnoloxías e Economía Cultural, celebradas os días 15, 16, 17 de decembro de 2004, tiveron lugar un taller dixital de demostración e utilización das tecnoloxías da información e comunicación vinculados coa cultura popular, nos que participaron activamente os veciños e veciñas de Brión, e os alumnos de educación infantil e primaria do colexio de Pedrouzos.

Uns meses antes, o equipo de InfoBrión comezou a establecer os primeiros contactos coas persoas do concello previamente localizadas por parroquias, para poder ter unha representación de distintas partes do concello. Os maiores, igual que a mocidade, recibíunos e atendeu moi educadamente ás explicacións do que consistiría este taller. O noso obxectivo nesta xornada interxeracional entre maiores do concello de Brión e alumnos do Colexio Público de Pedrouzos, era a difusión das oportunidades que brindan as novas tecnoloxías da información e comunicación no eido da educación e a cultura.

Necesitábamos un espazo amplo e cuberto, polo que decidimos utilizar o pavillón de deportes do concello. Os días previos á xornada, comezamos cos preparativos no pavillón, para que chegado o día, estivese todo listo para tódolos convidados. Comezamos a xornada as 15: 30 horas do día 17 de decembro de 2005, elixido para coincidir coa entrada dos nenos no colexio de Pedrouzos; alí todo estaba preparado, e os convidados, todos veciños de Brión, esperaban con moita leducia a entrada dos alumnos e alumnas. Unha vez alí, todos eles repartíronse por grupos de once nenos xa



organizados previamente cos distintos profesores que os acompañaban. Deste xeito, cada un deles podía rotar pola distintas actividades.

Entre as actividades elixidas para o desenvolvemento deste taller interxeracional, estaban as seguintes: xogos populares, manualidades, encaixe de bolillos, fabricación de vidreiras, exposición de contidos didácticos no portal [www.infobrion.com](http://www.infobrion.com), e mais prácticas de manexo en Internet con computadoras con conexión a alta velocidade. Todas estas actividades foron recollidas en vídeo, fotografía e son dixital, co fin de publicalo en Internet. Deste xeito, ademais de achegar os escolares á cultura popular local, pretendíase impulsar o emprego das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) nos fogares, ó divulgar o evento en Internet, tanto entre os escolares como por parte dos pais e nais de alumnos. As TIC, ademais de por en valor a cultura e as tradicións locais, abre novos mercados para produtos artesanais, e sobre todo, dálle a posibilidade a moitos emigrantes galegos na diáspora de sentirse cada vez, máis preto da súa terra natal.



Un dos invitados moi coñecido polos veciños de Brión, foi D. Elisardo Ribas, octoxenario colaborador con InfoBrion moi asiduamente que sen dubidalo, aceptou vir a amosarlle ós nenos algún dos xogos que nos tempos da súa infancia xogaban na súa aldea, un dos elixidos foi a Estornela. Elisardo é un home moi afable e falador, cunha abraiante memoria, e sobre todo cun gran sentido do humor que aproveitaba a ocasión para contarlles ós nenos e nenas de Brión, pequenas historias de cando el era neno.

Outro dos invitados foi Dna. Aurora García, mestra de manualidades no Concello de Brión dende hai varios anos. Traballa asiduamente con nenos e maiores de distintas idades e nesta ocasión, e nesta ocasión decidiu confeccionar un boneco de neve e un prato decorado con motivos navideños, aproveitando as datas do Nadal.


Noutra das actividades estaba Dna. Ángeles Lord, que foi a encargada da explicación e a confección dunha vidreira artesanal. Ela é unha verdadeira experta neste tema, e moi coñecida no mundo da artesanía; proba delo é que o seus traballos atópanse repartidos en moitos puntos da xeografía galega. Por último, citar a Dna. Araceli, que elixiu para a ocasión o encaixe de bolillos, cada vez máis adentado na nosa cultura; ela mesma foi unha alumna das clases de manualidades que se están a levar a cabo no Concello de Brión. Poden ollarse algúns dos vídeos dixitais publicados en Internet na seguinte dirección: <http://www.infobrion.com/publico2/video.php?id=5185>

Temos que resaltar a complicación que conlevou a organización deste encontro interxeracional, xa que foi preciso que tódolos grupos de

nenos rotasen por tódalas actividades que alí se estaban a desenvolver. Despois de case dúas horas de participación activas dos nenos e nenas do colexio de Pedrouzos, así como dos asistentes ás II Xornadas SINDUR, os máis pequenos regresaron de novos ós seus fogares, dando mostra de agradecemento polo éxito da actividade.

Dende InfoBrion queremos agradecer a tódolos participantes nas mesas de demostración, que colaboraron desinteresadamente nas distintas actividades organizadas.





## DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS.

### ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA

29. DESCENTRALIZACIÓN DE LA NEGOCIACIÓN COLECTIVA Y DESEMPLEO REGIONAL: EVIDENCIA PARA LA ECONOMÍA GALLEGA. (Roberto Bande - Melchor Fernández)
30. LA MATRIZ DE CONTABILIDAD NACIONAL: UN METODO ALTERNATIVO DE PRESENTACIÓN DE LAS CUENTAS NACIONALES. (Melchor Fernández- Casiano Manrique de Lara)
31. EMISSIONS PERMITS MARKETS AND DOMINANT FIRMS (Manel Antelo and Lluís Bru)
32. COMERCIO INTRAINDUSTRIAL EN BIENES QUE DIFIEREN EN CALIDAD AMBIENTAL. EFECTOS DE LA POLÍTICA AMBIENTAL Y DE LA POLÍTICA COMERCIAL (Dolores Riveiro García)
33. LA TASA DE CRECIMIENTO COMPATIBLE CON EL EQUILIBRIO EXTERNO Y LAS COMPONENTES DE LA DEMANDA INTERNA: UN TEST PARA LA ECONOMÍA ESPAÑOLA. (Belén Fernández Castro)

### ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA

17. DESARME ARANCELARIO DEL MERCADO GALLEGO Y EVOLUCIÓN DE LAS IMPORTACIONES DE BIENES. (Iván López Martínez - Beatriz García-Carro Peña)
18. A XEOGRAFÍA ECONÓMICA DOS SERVIZOS ÁS EMPRESAS EN ESPAÑA (Manuel González López)
19. THE EVOLUTION OF INSTITUTIONS AND STATE GOVERNING PUBLIC CHOICE IN THE SECOND HALF OF TWENTIETH-CENTURY SPAIN (Gonzalo Caballero Miguez)
20. A CALIDADE DE VIDA COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO RURAL. UNHA APLICACIÓN Á COMARCA DO EUME. (Gonzalo Rodríguez Rodríguez.)
21. CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA Y DESARROLLO DEL TURISMO EN LA "COSTA DA MORTE". (Begoña Besteiro Rodríguez)

### ÁREA DE HISTORIA

11. GALICIA NOS TEMPOS DE MEDO E FAME: AUTOARQUÍA, SOCIEDADE E MERCADO NEGRO NO PRIMEIRO FRANQUISMO, 1936-1959. (Raúl Soutelo Vázquez)
12. ORGANIZACIÓN E MOBILIZACIÓN DOS TRABALLADORES DURANTE O FRANQUISMO. A FOLGA XERAL DE VIGO DO ANO 1972. (Mario Domínguez Cabaleiro - José Gómez Alén - Pedro Lago Peñas - Víctor Santidrián Arias)
13. EN TORNO Ó ELDUAYENISMO: REFLEXIÓNS SOBRE A POLÍTICA CLIENTELISTA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. 1856-1879. (Felipe Castro Pérez)
14. AS ESTADÍSTICAS PARA O ESTUDIO DA AGRICULTURA GALEGA NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX. ANÁLISE CRÍTICA. (David Soto Fernández)
15. INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA AGRICULTURA GALEGA (Antom Santos - Pablo Jacobo Durán García - Antonio Miguez Macho)

### ÁREA DE XEOGRAFÍA


14. A EVOLUCIÓN DA ESTRUCTURA FAMILIAR NO MARCO DA TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA NUN CONCELLO RURAL GALEGO. O CASO DE CABANA DE BERGANTIÑOS. (Rocío Romar Roel)
15. APROXIMACIÓN AOS PROBLEMAS DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL DUNHA DENOMINACIÓN DE ORIXE. O EXEMPLO DA D.O. ARZÚA-ULLOA. (R. C. Lois González, Xosé A. Armesto López, Alfonso Ribas Álvarez e Xacobe Domínguez Pedreira)
16. A CALIDADE DE VIDA NA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. INTRODUCCIÓN Ó MARCO CONCEPTUAL E ANÁLISE DE CASO A PARTIR DOS INDICADORES DE EDUCACIÓN E VIVENDA. (Xosé Carlos Macía Arce)
17. LOS ESPACIOS VERDES URBANOS EN A CORUÑA. (Román Sanz Freire)
18. "TOWARDS A NEW MODEL FOR THE EVOLUTION OF TOURISM DESTINATIONS. THE EXAMPLE OF THE "UNIVERSAL'S PORT AVENTURA" IN SALOU, TARRAGONA." (Martin Scheer)


### XORNADAS DO IDEGA

2. O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO: BALANCE E PERSPECTIVAS (Santiago Lago Peñas, Alberto Vaquero García)
3. AS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO A DEBATE (Santiago Lago Peñas, Rosa María Verdugo Matés)
4. INTERNET I EDUCACIÓN. I XORNADAS SINDUR (Carlos Ferrás Sexto)
5. RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS: A SUA PROBLEMÁTICA E A SUA GESTIÓN (Marcos Lodeiro Pose, Rosa María Verdugo Matés)
6. CINEMA E INMIGRACIÓN (Cineclub Compostela, Rosa María Verdugo Matés e Rubén C. Lois González)

### EDICIÓN ELECTRÓNICA

Tódolos documentos de traballo pódense descargar libremente da páxina web do instituto (<http://idegaweb.usc.es>)





## Normas para os autores:

1. Os autores enviarán o seus traballos, por correo electrónico á dirección ([idegadt@usc.es](mailto:idegadt@usc.es)) en formato PDF ou WORD. O IDEGA poderá solicitar o documento en papel si o estima convinte.
2. Cada texto deberá ir precedido dunha páxina que conteña o título do traballo e o nome do autor(es), as súas filiacións, dirección, números de teléfono e fax e correo electrónico. Así mesmo se fará constar o autor de contacto no caso de varios autores. Os agradecementos e mencións a axudas financeiras se incluírán nesta páxina. En páxina aparte se incluírá un breve resumen do traballo na lingua na que estea escrito o traballo e outro en inglés dun máximo de 200 palabras, así como as palabras clave e a clasificación JEL.
3. A lista de referencias bibliográficas debe incluír soamente publicacións citadas no texto. As referencias irán o final do artigo baixo o epígrafe Bibliografía ordenadas alfabeticamente por autores y de acordo co seguinte orden: Apellido, inicial do Nome, Ano de Publicación entre parénteses e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano, Título do Artigo (entre aspás) ou Libro (cursiva), Nome da Revista (cursiva) en caso de artigo de revista, Lugar de Publicación en caso de libro, Editorial en caso de libro, Número da Revista e Páxinas.
4. As notas irán numeradas correlativamente incluíndose o seu contido a pe de páxina e a espacio sinxelo.
5. As referencias bibliográficas deberán facerse citando unicamente o apelido do autor(es) e entre parénteses o ano.
6. Os cadros, gráficos, etc. irán numerados correlativamente incluíndo o seu título e fontes.
7. O IDEGA confirmará por correo electrónico o autor de contacto a recepción de orixinais.
8. Os orixinais serán remitidos para a súa avaliación anónima. O informe de avaliación se enviará os autores que, xunto ca versión revisada, deberán contestar as suxerencias que se lles fixeran, incorporando unha carta de resposta o avaliador. Os editores, a vista dos informes dos avaliadores, resolverán sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados as sesións Científicas do Instituto.
9. Para calquera consulta ou aclaración sobre a situación dos orixinais os autores poden dirixirse o correo electrónico do punto 1.
10. No caso de publicar unha versión posterior do traballo en algunha revista científica, os autores comprométese a citar ben na bibliografía, ben na nota de agradecementos, que unha versión anterior publicouse como documento de traballo do IDEGA.

